NOVAS DO
# EIXO ATLÁNTICO
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

**ANO 2** | Edición nº 19 | Xullo de 2016 | **Precio 2 euros**

**Especial Eleccións Xerais: 26-X**




Páxinas 8-9-10-11

**Basilio Losada cede libros á Biblioteca de Galicia**



Páxina 13

**Romería de Santa Marta de Ribarteme, As Neves**



Páxina 24

**Exposición "Casas de Luz", en A Guarda**



Páxinas 31

**Folclore e Gastronomía dinamizan o concello de Arbo**



Páxinas 38-39

# Festas do Monte Santa Trega




Telf: 986 64 08 34




Ahora Nueva Gama de Productos Selectos:

- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

CONFITERIA
Regino

TLF: 986640834

Ponteareas (Pontevedra)

# Opinión

**Cadernos da viaxe** **Por: Xoán Antón Pérez-Lema**



## Gaña Rajoy e afrouxa a nova política

O PP foi claro vencedor do proceso aberto coas eleccións xerais do pasado 20-D e que rematou coas eleccións de onte. Sobe 4,2 pontos porcentuais (do 28,7 ao 32,9%) e 14 deputados ao 95% escrutado (de 123 a 137), puxando do bloque PP-C's dos 163 aos 169 escanos, pois que C´s, cunha moi discreta baixada perdeu 8 deputados (de 40 a 32). Os outros 5 perdeunos o PSOE (baixa de 90 a 85), que quitou o peor resultado da historia, malia que o mantemento do segundo posto en votos e escanos fronte Unidos Podemos (máis En Marea e as confluencias catalá e valenciana), que igualou resultados (71 escanos) cos obtidos por estas forzas e IU hai seis meses.

Psicolóxicamente Rajoy é o claro gañador, porque converte C's nun socio inncesario, quítalle 50 deputados ao PSOE, que ficaron segundos e frea intensamente a Pablo Iglesias, que non rendibiliza a coalición. Será complexa, porén, a reedición do goberno Rajoy, pois que fóra de C´s non se albiscan socios probábeis, xa que Sánchez salvou o segundo posto e, con él, os mobles. Mais será imposíbel superar eses 169 votos negativos, tendo en conta que os 17 deputados independentisdtas catalans (9 ERC e 8 CDC, que repetiron os resultados do 20-D) non votarán a prol de candidato ningún. Ao final é probábel que goberne Rajoy, mais perderá sen dùbida moitas votacións no Congreso. E terá que mudar, quzais substancialmente, as claves da súa axenda política.

O ocorrido no noso País é, quizais máis rechamante. Aquí o PP recupera catro pontos (do 37 ao 41%) e a suma de votos do PP e de Cs sobarda o 50%, fronte ao 46% curto da suma do BNG, En Marea e PSOE. En Marea perde un escano (de 6 a 5) e a avantaxe a respecto do PSOE, que obtén 6 con moi poucos votos máis. O PP gaña este deputado e o ùnico de Cs e En Marea acusa o castigo nomeadamente nas cidades onde goberna, por exemplo a respecto de Vigo, onde segue a superar o 30% de votos.

Evidentemente as autonómicas non son procesos comparábeis, mais En Marea terá, sen dùbida, que ampliar a súa base social ollando cara ao galeguismo, ao tempo que se dota dun programa de goberno críbel e dunha equipa solvente. BNG, PSde G e o mundo das Marés terán que enfrontar a difícil tarefa dunha alternativa plural e confiábel, se non queren que Feijóo teña opcións reais de revalidar a maioría absoluta.

## Máis Galicia.

As eleccións estatais determinaron un rol relevante, mais non determinante, para o proxecto da España plurinacional e rexeneracionista de Unidos Podemos e das confluencias nas que participaban Podemos, IU e Equo, entre elas En Marea. A decepción para os morados foi evidente, malia que en último de contas amosaron que a nova política está aí e, de primeiras, para ficar, de non ser que sigan coa perrencha dos últimos días.

Galicia non é nin a primeira nin será a derradeira vez que sofre ese dilema de contribuir a unha remuda estatal en sentido democrático e progresista. Mais o tempo político para esta contribución xa pasou. É impensábel unha fonda remuda en sentido progresista e plurinacional da Constitución e mesmo das axendas da gobernanza e lexislativa impostas polo bipartidismo dinástico nos últimos trinta e cinco anos.

Mais sí é posíbel (complexa pero factíbel) unha fonda remuda lexislativa e da gobernanza na Galicia, que pode adherir a outras nacionalidades e territorios (Catalunya, Euskadi, Nafarroa, Illes Balears, País Valencià) gobernados por coalicións de cambio, quer soberanistas, quer de coalición entre soberanistas e progresistas españois. A recente escolla de Xaquín F. Leiceaga como candidato á presidencia da Xunta polo PSdeG fai albiscar unha posíbel unha liña socialista en clave galega, fronte á casposidade españoleira do PSOE andaluz de Susana Díaz ou do PSOE extremeño de Guillermo F. Vara.

A meirande parte dos activistas e simpatizantes de En Marea, por outra banda, semellan asumir que Galicia é distinta, conta con intereses de seu moi marcados e ha construir o seu espazo propio. Nomeadamente os dos ámbitos dos distintos municipalismos.

Cómpre, pois, traballar con xenerosidade e intelixencia para artellar unha fórmula de unidade nacional que sexa quen de integrar os distintos galeguismos e municipalismos, ao tempo que siga tendendo a mán ás organizacións e persoas non galeguistas que acrediten que Galicia é un país de seu con personalidade e intereses moi diferentes e, xa que logo, que precisa solucións políticas propias e independentes.

Dirán vostedes, pero isto todo non se falou xa o verán pasado e non saiu ben? Certo, mais a dinámica política, nomeadamente os erros de En Marea e o BNG, levounos a unha situación bastante semellante.

Se non vai desta é posíbel que non chegue a tempo.

## Intelixencia e sentido de país

Malia que non sexan comparábeis os procesos electorais estatais do 26 de xuño e do 20-D coas autonómicas do vindeiro outono, os 68.000 votos perdidos por En Marea e os máis de 20.000 que perdeu o BNMG constitúen o pao de palleiro para soerguer a alternativa plural ao PP para gobernar a Xunta. Ou, dito doutro xeito, sen recuperar estes case 90.000 votos é difícil que Núñez Feijóo non acade maioría abonda para gobernar.

En Marea sofriu un desgaste non usual nun ciclo tan curto. Parte do voto galeguista retraeuse diante do claro predominio do vector español durante a campaña, reforzando o efecto dos fracasos en formar grupo parlamentario e amosar a utilidade para Galicia da súa representación en Madrid. Tamén pagaron a falla de participación das distintas Marés municipalistas e máis a ausencia de primarias, ao evidenciarse que moita xente non só quere o cambio, senón participar na súa construción. Para máis, a mera comparanza dos resultados de Compostela e A Coruña cos de Vigo (onde En Marea mantén un 30.3%), sinala que o desgaste pola percepción cidadá da xestión dos gobernos locais (non necesariamente polos resultados obxectivos da xestión) multiplica estes efectos aló onde forzas municipalistas que apoian En Marea Pola súa banda, o BNG sofriu o síndrome do voto inútil, malia a incapacidade de En Marea para captar estes 20.000 votos, que van todos á abstención, canda os perdidos polos mareantes. E nin uns nin outros amosaron autocrítica en doses abondas, aínda que, polo menos, non ofreceran o tristeiro espectáculo de Podemos, que encaixou o seu relativo fracaso apelando a paveras teorías da conspiración que falan de pucherazo, insultando á intelixencia dos votantes do PP ou ameazando con purgas aos disidentes.

Así é todo, hai tempo para reaxir cara ás autonómica, se se aplica a intelixencia e o sentido de País. Intelixencia para integrar con xenerosidade o mellor coñecemento e os galeguismos e municipalismos todos, canda o progresismo estatal se asume a plena independencia do suxeito político galego e da súa axenda. E sentido de País para ofrecer unha alternativa plural e un programa de goberno de mínimo común denominador, comprensíbel, transformador e realista.





# Editorial



**Por: Guillermo Rodríguez** Director

# Dúas datas para a lembranza: 26–X e 25-X

No primeiro caso fomos afectados todos os que habitamos esta pel de touro á que chamamos España. No segundo caso trátase dunha data moi significativa para todos aqueles que nos sentimos galegos de nacenza, pois ese día celebramos o DÍA DA PATRIA GALEGA.

Claro que haberá, non o dubido, moitos outros individuos aos que lleten sen cuidado o 25 de xullo. Nada que obxectar. Pero volvamos ao conto, que dirían os nosos antergos. Sexamos máis explícitos e falemos destas dúas datas do noso recente almanaque.

O pasado día 26 de xuño todos os censados no Estado Español, e maiores de 18 anos, fomos chamados ás urnas para votar. Xa foramos citados para o mesmo uns cantos meses antes, concretamente no pasado mes de decembro. Daquela non debemos entender ben as mensaxes porque as distintas forzas políticas, logo dos resultados das urnas, non foron quen de ensarillar un novo goberno e, segundo indican as leis sobre estes asuntos, por esta razón quedamos citados para o pasadodía 26 de xuño.

E voltamos a votar. E voltamos a meter a pata porque ao que parece, o que fixemos tampouco serve para conseguir ese goberno novo e novo goberno que unha grande maioría dos votantes está, ou iso se di, desexando.

Os pobos, igual que cada un de nós a título persoal, poden cometer erros. ´

Ás veces erros importantes que van condicionar a súa existencia e o seu futuro, como tales, durante moito tempo. Claro que os pobos nunca foron libres para decidir. Si, xa sei, amable lector que esta afirmación miña pode parecerche esaxerada. Creme se che digo que a fago logo de reflexionar moito sobre este tema. Porque a liberdade de elixir, neste caso de elixir aos cargos públicos que se presentaban para conformar un Parlamento e un Senado, non consiste en non ter atrancos para ir a un colexio electoral, elixir unha das papeletas que alí se nos ofrecen e metela na urna correspondente. Iso é, como moito, unha parte moi elemental de exercer a nosa liberdade.

Un individuo é realmente ceibe cando os seus actos están determinados por unha serena e firme convicción do que fai. Cando os seus actos son o resultado de moitos anos de "aprendizaxe en liberdade"; cando é a súa conciencia debidamente formada a que determina os pasos a dar. Acaso cres, honestamente, que os cidadáns que votaron nas pasadas eleccións, nunha grande maioría, eran realmente conscientes do que se xogaban nese acto, aparentemente pueril, de meter unha papeleta nunha urna? Porque de ser así teriamos que admitir que os cidadáns son maiormente masocas. Si, si; masocas perdidos. Xa me dirás como se explican os novos resultados?

Un pobo ceibe de condicionamentos sociais, relixiosos, políticos, morais, etc. é o que ten capacidade de análise e de crítica; que é quen de entender o que ocorre no seu redor; de saber quen está por mellorar a súa existencia ou quen está por manter os seus privilexios de sempre. Ese pobo onde estaba o pasado día 26-X?



Nos últimos tempos parecía que un vento furacanado ía ser quen de limpar esta atmosfera contaminada de corruptos, de indesexables, de embusteros,... Así o parecía, pero hete aquí que alguén fixo soar as campás dos seus templos inaccesibles para os cidadáns do común e, nese mesmo momento, desatouse unha campaña de desprestixio, de infundios, de mentiras que ninguén estivo obrigado a demostrar. O que interesaba era lanzar a tinta do calamar que xa se encargaría de manchar o panorama político que pretendía, precisamente, todo o contrario; buscaba verse limpo de tanta basura, de tanto abuso, de tanta explotación.

Aí temos os novos resultados. Opcións novas e renovadas que ofrecían unha saída decorosa, polo menos, perdendo os poucos apoios que tiñan. Aí temos os de sempre cun maior poder. Segues crendo que isto ocorreu porque o pobo é libre e soberano? Tes todo o dereito a crer nas avelaíñas preñadas, pero eu asegúroche que non van ter descendencia dese modo.

E imos lá, que dirían os amigos do ValMiño e Baixo Miño, co que está pasando nestas terras da vella Gallaecia.

Aquí tamén se desatou un vento forte que prometía limpar o lixo que levamos décadas acumulado nas gavías desta Terra Nosa. Comezou coas pasadas eleccións autonómicas do 2011; parecía consolidarse cos resultados do pasado 2015, aínda que non serviran para nada. E chegamos a unha nova cita. As cousas xa sufriron cambios parapeor. Perdéronse votos e representantes en Madrid. Galicia vai estar un chisco máis separada dos lugares de decisión importantes. Négannos representación propia porque non recoñecen a nosa personalidade como Pobo.

Pregunta, por que esta diminución de apoios ás forzas que traian ese ar fresco que levamos décadas esperando? Aquí as campás do medo tamén fixeron o seu traballo.

Pero se isto non fora suficiente, aí temos o pouco edificante panorama que nos ofrecen aqueles políticos e colectivos que están chamados a representarnos dunha maneira diferente. Aínda non chegaron á mesa e xa reclaman a presidencia.

O vindeiro dia 25 de xullo, DIA DA PATRIA GALEGA, pode ser ese momento en que visualicemos a intencionalidade de xunguir forzas, de esquencer posibles agravios, de pensar en Galiza e no seu oscuro futuro. Todos somos precisos para cambiar o signo dos tempos. Xuntos nunha mesma gamela podemos cruzar mares tempestuosos; separados , enfrontados, só seremos carne de canón e munición para as armas de sempre que veñen disparando a morte ao noso futuro.

Esperemos unha serena e sabia reflexión de todos os chamados neste momento a poñerse á fronte do carro. Meterse nos cancís e tirar forte e seguro cara a esa polar que nos espera. Debémosllelo aos nososfillos e aos nosos herdeiros que teñen dereito a unha Galiza máis dona de si, máis próspera, máis habitable, que non sexa esquencida polos seus fillos cando teñan que abrirse paso na vida lonxe destas Terras

**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.
**Publicidade:** Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
**Fotografía:** Hernández e departamento propio
**Deseño e maquetación:** Miguel G. Montero

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

**Colaboradores:**
**GALIZA:** Jesús Losada (jlosadadorado@gmail.com) – Rocio Rodríguez (luzro81@hotmail.com) – Montserrat Rodríguez (cursosespanhol.cep@gmail.com) – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome- M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxio Breogán –Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – L. Mtnez. Risco – Fco. Peña – Nemesio Barxa – Andrea GORO – Anxo Mena – I. Otero Varel - Susi Rodríguez
**PORTUGAL:** Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves -João Martinho.
**MADRID:** –Juan Louzán – BARCELONA : Fdez. Valdeorra – PAIS VASCO. Nicolás Xamargo.
**CANARIAS:** Fco. Puñal.
**NOVA IORQUE:** Fco. Alvarez (KOKI)
**Fotografía:** Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto –Dpto. Propio.
**Humor:** Tokio, Martirena, Pepe Carreiro, X. Marín, M. Fernández (HERMENAGER)
**Depósito legal:** VG-138-2015

# Opinión



Baldomero Iglesias Dobarrio
Mero

## Consideracións á volta dos números

Hai algo anómalo neste sistema electoral que nos abarca, supostamente democrático, para que gañe un partido con tanta corrupción sobre das costas. Non se entende moi ben, nin tampouco a relación inversamente proporcional de que canta máis corrupción, máis votos. Esta tal corrupción da que son protagonistas non debera ser aceptada, e menos con tanta abundancia de votos, máis aínda que hai seis meses cando en medio do caos votabamos a necesidade dun cambio. Daquela moitos pensamos que non houbera tempo, ilusos, a reacionar. Algo falla para que quen pode castigar esas prácticas ousadas e escándalos, contrarias ao ben común, non o faga excluíndoos das súas preferencias ou polo menos non resulte visible co exercicio da expresión e vontade das persoas. Cando isto sucede, o de compensar aos corruptos e o escándalo que produce, xunto coas eivas e desequilibrios sociais que á xente do común nos repercutiron, só hai unha lectura, hai que entender que a nosa sociedade está enferma, desorientada, mentida. Desde ese delirio perturbado e febril dos que se senten vítimas e son verdugos, non nos recompensa o cheiro putrefacto que recibimos a cambio. Non hai moito mirar nin esculcar nos eidos do poder, semella estar en calquera departamento ese silencio submiso dos vendidos. Tamén puido ser produto do medo, da suor fría na ausencia da honestidade propia, na instrumentación e institucionalización desa corruptela xeralizada. Si, si, porque esas prácticas tamén se dan en descenso, como unha rede clientelar na que tamén chupan os que se arriman a facer sombra. Pero o que xa non ten sentido é, que aínda así, despois do evidente fagan gala dunha vitoria e se volvan arrogantes, excluíndo calquera tipo de disculpa, anque só fose polos erros cometidos e polas sucias xogadas, polas perversas situacións de manipulación que habitualmente ostentan e negan calquera forma de entendemento, de democracia ou de liberdade.

Hoxe son moitos os matices para quen queira explicar o sucedido. Non quixera eu pecar de perturbado xuíz que, pasado o perigo, se pon a dicir o que estivo ou non estivo ben das habilidades sibelinas para abordar o tema. Porque o perigo non pasou, nin moito menos. O perigo son eles, e á vista está que nin sequera o que fixeron, fixérono medianamente ben. Eu son dos que se senten culpable de que esta sociedade na que estou, non valorase debidamente este estado de pobreza, de tristura, de falta de esperanza, de soidades que nos trouxeron. Vendo aos catro representantes das forzas máis votadas, despois de falaren e discutiren nun encontro a catro bandas, souben rápidamente que non eramos merecentes de tan malos xestores, xa non políticos. Todos eles falaban ben, pero sabían pouco de humanidade, dos problemas máis acuciantes, do desemprego, das miserias hoxe tan abondosas nos fogares, nos dependentes, na infacia. Falaban ben pero non tiñan o pulso nin a lentura exacta dos problemas sociais, moito menos da Cultura e respecto ás persoas. Miraban máis para a galería, a postura, a compracencia propia que a aqueles que aínda hoxe pasan fame e fan cola nas cociñas económicas, nos postos de Cáritas, nos contedores do lixo, para buscar algo que levar á boca. A min déronme, xa daquelas, os catro representantes, unha vergoña difícil de describir. Non tiñan solucións desde a bondade, desde o servizo ao pobo, aos pobos que compoñemos este estado de cousas, pero tamén de seres humanos aos que tratan coma cousas. Ningún deles era digno do meu humilde voto e hoxe confírmase o desespero. En que mans estamos, corruptas e crueis! En que mans quedamos, vendidos no precipicio da ignorancia voluntaria e do egoísmo cego! Mudanza urxente e innovadora desde a autocrítica para predicar a esperanza e prognosticar os obxectivos de propiedade.

## Son tempos de integración

Non son eu precisamente a persoa máis indicada para dar consellos nos momentos máis difíciles da nosa pervivencia. Vén aí o día da Patria Galega, sen outros eufemismos traidores e seremos quen de celebrala xuntos os que a sentimos nosa. Está aí ás portas deste desconcerto de amor e desamor. Xustamente no punto da dúbida de moitos e da certeza de tantos que non entendemos este suicidio colectivo que nos nega. A min preocúpame a grande derrota dos que pensamos en clave nacional, en nós, dos que vemos como pasan sen sequera citarnos, falan con temor de Catalunya e Euskadi, e a nós nin nos citan. Non existimos. Mesmo, entre cataláns e eúscaros, tampouco eles nos lembran. Cando llo quixen explicar a un xornalista que quería saber o que eu pensaba da desfeita, recurrín á verdade suprema que coñezo. Expliqueille que hai, por riba das parcelacións ideolóxicas e dos partidos políticos, mesmo dentro das parentelas de cada grupo e das formacións que oportunamente se presentan a unhas eleccións, un sentimento nacional insubornable de pertenza, ese sentir de orgullo que nos enche e invade, falto de vitimismo e de lateralidades, que vai nos "adentros" onde habita a emoción de ser e estar, o fondo e a forma de habitar o mundo sen pedir permisos a ninguén, sen depender da vontade doutros. E iso non se perde nunca. É, por dicilo así, o lugar dun sentimento moito máis arraigado que o que manifestan algúns-moitos grupos que se presentaban a estas perdidas eleccións. O meu sentimento nacional galego non se presentou ás eleccións, non era unha parte senón un todo e nel, con moita outra xente, están os problemas que os nosos supostos representantes non quixeron ou non souberon ver. Problemas que nos castigan na existencia, na humanidade, de demonización moi ben levada para que suframos esta falta de apoio social. Son problemas de sometemento e castigo, de concentración de maledicencias, de despoboamento e soidades, de eucaliptización e tristuras, de lixos e podremia, de abandono, de desfeita do tecido rural, mariñeiro, industrial. Tamén por falta de xenio -pola nosa parte- para chamar ás cousas polo seu nome e chantarnos, de falta de persoas que saiban comunicar, de medios de comunicación que estean polo labor de clarificar tanta trampa, lonxe dos -xa coñecidos- e pagados en subvencións dos de sempre, patroal, administracións, relixións, ou da xustiza que consente e se escorre pola tanxente. Eu si sei que hai ese sentimento nacional en pé de loita, pero que non foi nin soubo ser representado. Por todo iso non puideron ser representado nin votado. Xa non polo pobo en si, senón tan só por persoas, e poucas. Que castigan tanta división e personalismos. Ese sentimento fondo de pertenza, de orgullo -non de sersenón de sermos, en conxunto, na nación da dor, esa que mira o mundo desde aquí, en fala propia, en clave satisfeita de sabernos e construír constantemente solucións para a dignidade, de resolver os problemas de cada día, de facer máis e falar menos, de dar exemplo, de aloumiñar lembranzas para abrir destinos e futuros, de arrecadar a todas e a todos os que loitaron pola Matria e foron quedando polo camiño abeirados. Ese sentimento non está vinculado a unhas siglas -calqueradesas que se atomizaron xa, e que seguen a atomizarse nun exercicio de egoísmo centrípeto, falto de respecto á vontade do pobo, faltos de cohesión, son chistes sen graza e nadan na superficie apoiándose nos que levan ao lado e afundindo neles, protagonistas dun discurso oco que non convence, irresponsables das súas veleidades, de decididos divos que sempre que corren para a foto e saen con frases lapidarias, pero que son só iso: palabras. Os mesmos que non quixeron conciliarse, que nunca fixeron reflexión dos tantos erros habidos, dos castigados ao illamento social, dos aqueles tantos deixados nas cunetas do esquecemento, queimados na loita e sen embargo honrados que aborrecidos viron como ninguén volvía por eles botarlles unha man, un alento. Nacionalistas tamén ou máis aínda, dos que resistiron toda a vida coa ilusión de ser protagonistas todos, o pobo enteiro, do seu destiño. Non vin a ninguén que se responsabilizase do desastre que levan anos alimentando, penso que é tempo de arrecadar forzas e vontades, de xuntar e irmos xuntos. Mesmo haberá que desculparse. Alguén dá máis? Pois que se vexa ese berro seco, feito entre todos, para facer tremar as rúas de Santiago o día 25, e que treman tamén os que tanto dano fixeron, os que tanto en nós demonizaron facéndonos crer culpables do amor a Galiza! Desta volta e máis que nunca temos que xurdir coa fronte ergueita, na pelexa inacabable da nosa liberdade. Son tempos de integración nun proxecto común esperanzado, lonxe das conspiracións absurdas entre irmáns de loita, lonxe nin ofertas a baixo prezo.



# Opinión

Por: Andrea Goro



## Abriuse o pano !




Comecei este ano gozando do musical de Oliver Twist no National Concert Hall de Irlanda. Decidín agasallarme cun grande espectáculo para esquecer o sentimento de morriña que me producía non estar no país o día de Reis Magos. Abraiada pola grande coordinación e soltura daqueles rapaces tan noviños, que cantaban e danzaban ao mesmo tempo, deume por pensar que asistían a unha moi boa escola de música e interpretación. Non me cabía dúbida de que adicaban moitas horas da semana a ensaiar para lograr un resultado semellante. Dende logo que pagou a pena investir o diñeiro de toda a fin de semana naquel evento!

Medio ano despois, no auditorio da miña vila, que é Ponteareas, fun ver o musical "Nunca Endexamais", por un módico precio de cero euros e uns cantos aplausos. Os intérpretes, lonxe de ser bailaríns profesionais ou actores, eran estudantes do instituto no que eu mesma pasei un par de anos. "Mira que novos e canto talento teñen!" - comentaba alguén do público. Talento tiñan, si, mais por enriba de todo tiñan a sorte de estaren a ser guiados polas persoas adecuadas: profesores e directores con vontade de converter toda a enerxía de máis de 20 alumnos de secundaria nunha bomba escénica.



Fun consciente do traballo, do esforzo e da ilusión que precisaron para deixarnos pasmados. Cunha historia máxica e un momento inesquecibel demostraron que traballando en equipo de maneira responsable e confiando nos demais, a consecución dos obxectivos vólvese posible.

Así, competindo cos mellores dende un recuncho de Galicia onde o fútbol aínda enche máis butacas cás manifestacións artísticas, moitos nenos e nenas encheron os nosos oídos de pó de fadas. Con tan só as súas voces e o acompañamento ao piano do director Julio Domínguez, fixéronme sentir no National Concert Hall de novo.

Nestes días moita xente fala de política e comenta o resultado das eleccións, mais eu penso que de nada vale botar as mans á cabeza se non empezamos por inculcar nos nenos os valores que o día de mañá han cambiar as cousas. Hemos de invitalos a que se expresen, a que creen e imaxinen xuntos, axudando a que neles o sentimento de pertenza a unha comunidade na que todos contemos por igual.




Por: Isidoro Gracia

## O "Brexit", un pequeno paso para Inglaterra, un inmenso para un desastre.

Fai un ano neste mesmo medio concluía un artigo con esta pregunta: Os meus netos seguirán vivindo nunha Europa en paz? Hoxe teño parte da resposta, e non me gusta.



O artigo titulábase: Máis Unión Europea ou volta a un pasado tráxico. E a reflexión de iniciaba coa entrada: A un par de xeracións vista: Cantos pasos pode dar Europa cara a conflitos como os que marcaron o seu pasado sen chegar un punto sen retorno?

Os datos que aportan as reaccións ao resultado do referendo británico, contan a dirección en que nos impulsa e son bastantes claros:

a) Os líderes da ultradereita europea celebran o "Brexit" e piden referendos. A francesa Le Pen, o holandés Wilders e o italiano Salvini reaccionan con euforia, e de forma similar seguen outros líderes nacionalistas (daneses, húngaros, etc.) e aos que se suma con entusiasmo Trump. (todos eles partidarios do uso da forza, en distinto grado, nas circunstancias que eles mesmos determinan como problemáticas)

b) O presidente de Bulgaria aporta: "Si a UE se desintegra, seguirá unha guerra. Porque tras dúas guerras mundiais, o mellor proxecto que realizou a humanidade, é a Unión Europea". En particular, mencionou Kosovo e Serbia, dous países enfrontados, que segundo Plevneliev non poderían vivir en paz sen a perspectiva dunha integración europea, que garante a paz na rexión desde fai case dúas décadas.

c) Ao propio Reino Unido suscítanselle problemas en dous territorios craves, Escocia e Irlanda do Norte. Así como o primeiro resolveu os seus conflitos mediante acordos sen un precedente violento próximo, ao segundo os acordos só chegaron logo dun periodo de extrema violencia, demasiado próximo no tempo.

A Unión Europea é algo máis que unha mera suma de Estados, é unha creación que tivo e aínda ten (ou debería ter) como primeiro obxectivo salvar á propia civilización europea do colapso, ao que se viu abocada polas continuas guerras entre veciños. Isto vírono claro, non só os pais fundadores da C.E. e ata Winston Churchill que foi un dos primeiros en propugnar a creación duns Estados Unidos de Europa (creo que foi nun discurso realizado en chan alemán), senón dirixentes relativamente próximos, en termínos históricos, como Kolh, Mitterrand, ou Felipe González, incluso alguén tan pouco prol Unión como Thtacher. Como é posible que os seus actuais herdeiros nas funcións de goberno perdan esta perspectiva?

Analicemos agora o papel e posicións dalgúns dos líderes, propios e alleos, cara á UE e cara aos seus estados incluído o español.

Dicía Aristóteles que o que queira facer algo no terreo da política debe ser home de bos costumes, o ata hoxe primeiro ministro británico tomara por costume ligar o seu liderado a distintos referendos, no terceiro queimou non só as súas naves, senón que comprometeu a integridade do seu país e ademais puxo nas mans de xenófobos e anti europeos a estabilidade do proxecto que históricamente conseguiu maiores *cotas de paz e liberdade neste continente.

Continuando con Aristóteles, a virtude non só radica no obxectivo perseguido, tamén o camiño elixido para logralo é importante. O perseguir obter o control dos gobernos é consustancial cunha sa ambición partidaria, pero outra lección que o "Brexit" aporta é que hai que xulgar aos partidos, e aos seus votantes, non polo que din perseguir, senón polo que votan en realidade, o Parlamento Europeo é un bo espello onde obter antecedentes. Con quen houbo as maiores coincidencias dos votos do os euro escépticos e anti solidarios británicos? Con dous grupos de partidos, con todos os cualificados de extrema dereita e, curiosamente, os cualificados como populistas, aínda cando se auto sitúen como de esquerdas (por exemplo, en España a coalición de partidos Podemos, ou en Italia o 5 Estele de Grillo).

Posibles conclusións. As máis simples: aos referendos cárgaos o diaño, ou non é convente matar moscas a canonazos, e o referendo é o canón de maior calibre no uso do voto. Ou unha, algo máis elaborada, púxose aos votantes a reparar as delicadas averías do Estado de benestar, producidas por políticas de uso masiva e pouco, ou nada, calculada austeridade, o que esixe ferramentas tan sofisticadas como as dos reloxeiros, cunha chave inglesa tamaño asteleiro (permítaseme un certo e amargo humor negro).



# Opinión

**Por Carlos Méixome**

## Breves retallos penitentes e impertinentes



1.- A alianza Unidos-Podemos obtén no conxunto do estado o 21,10% dos votos. Ora ben, no que é España " a secas" quedou bastante por debaixo desta porcentaxe, agás no caso de Madrid (21,23) e Asturias (23,78). O "plus" de apoio recibiuno nos territorios onde existen reivindicacións nacionais; concorresen baixo estas siglas - Pais Vasco (29,05), Navarra (28,33, Baleares (25,38)- ou na forma das chamadas confluencias: Galicia (22,18), Cataluña (24,51) e Valencia (25,37).



2.- En Galicia o PP gañou 38.000 votos. O PSOE perdeu 2.500 e "Ciudadanos", 14.000. Os nulos e "en branco"baixaron uns 4.000. Foron para o PP que tamén sacou votantes da anterior abstención.

3.- En Galicia a abstención aumentou en 81.642 persoas. En Marea perdeu 66.555, pasou do 25,01% ao 22,18% e de segunda a terceira forza. O BNG perdeu 25.961. En torno a ese número de abstencionistas foron os votantes de cada unha destas forzas que desertaron. Da primeira por incumprir as promesas; da segunda por ineficaz.

4.- Botar o carro diante dos bois, ten custes. Ir de sobrados tamén.

5.- O proceso de ruptura co réxime do 78 fica eivado pola impericia dos timoratos na procura de solucións á cuestión nacional. A esquerda española permanece na súa incapacidade conxénita para comprender que o nacionalismo español liberal-progresista foi sempre subalterno a respecto do nacionalismo conservador, católico e autoritario, e nunca comprendeu a necesidade de esgazarse da matriz monárquica para reformar a arquitectura do estado.

6.- Segundo a teoría do caos o bater das ás dunha bolboreta poden provocar un tornado na outra beira do mundo, ou, o que é o mesmo, si nun sistema se produce una pequena perturbación inicial, mediante un proceso de amplificación, poderá xerar un efecto considerablemente grande a curto ou mediano prazo. Hai tempo que ao sistema ándanlle a bater as ás moitas bolboretas; a última no mesmo corazón da pérfida Albión. As nacións emerxen, agora na banda occidental de Europa.

7.- Na Europa da periferia sureña reclámaselle á esquerda a solución da crise de sistema. Na Europa central e nórdica estánselle a dar perigosas oportunidades ao antihumanismo.Temos unha amarga sensación.

8.- Na España a esquerda só poderá responder a esta reclamación si é quen de conxugar os dereitos das maiorías sociais e o dereito a decidir das nacións.



9.- Ese dobre espazo, social e nacional, en Galicia, precisa dunha dobre confluencia. Unha en torno ás propostas anti austeridade e outra entre as persoas que se reclaman da nación.

10.- A gran creación do nacionalismo galego contemporáneo, e en particular do BNG, foi a creación dun amplo corpo social mobilizado que se está a estragar por impericia política e leas de familia. O pesimismo da razón imponse.

---

**Por Nemésio Barxa**

## E AGORA QUE?

O resultado das passadas eleições deixou, polo menos para este cronista, uma paisagem desoladora. A realidade foi mais funesta, mudando de espectro, que as ja deploraveis previsões dos inquéritos previos. Da a impressão de que os diversos escándalos de corrupção no PP, desvelados com posterioridade aos comicios de dezembro e adicionados aos ja conhezidos com anterioridade, motivarom a um determinado eleitorado a premialo, mudando seu voto de sentido.

Qualquera analise razoavel colisiona com as motivações que podamos imaginar para que um importante número de votos se travasa-se de partidos da esquerda para o PP, que de dezembro a junho não deixou de erosionarse com novos casos de corrupção, abuso de poder, enganos, utilização dos poderes do Estado para perseguir a inimigos politicos, etc. Não penso que podamos atribuilo só ao voto do medo, do medo a Podemos, porque o outro partido da direita, o de Ciudadanos, tambem perdeu votantes. Será certo que vale mais o mau conhezido que o bom por conhezer? A perda de direitos pessoais, económicos, sociais e de todo tipo a que nos levou o PP ficam manifestos; qualquera outra opção não temos que pensar que seja a pior e, em qualquera caso, teriamos por diante a travesia de outros quatro anos para rectificar se erramos.



Não quero olhar para o Pais Valenciá, onde Ali Babá sería um simple aprendiz. Meu olhar fica aquí, na Galiza, onde o PP e seu acólito Nuñez Feijoo propiciarom o enorme roubo que supuxo a queda das Caixas de Aforros, dado pouco remarcado e que para minha opinião supera incluso os problemas dos despejos, das preferentes, do naval, dos produtores de leite e da austeridade. Pos bem, no interior aumentarom os votos do PP, mas o insólito é que tambem aumentaram na emigração, paulinha que devemos ás politicas austericidas da direita.

E ainda mais me preocupa que o proprio povo galego dimita da sua pessoalidade e entregue seus votos a partidos ou agrupacions que em absoluto se preocupam do país, nem em clave de direita nem em clave de esquedas ou progresismo. Podemos falar de falta de informação no voto rural ou nos que chegam de novo as cidades; mas todos eles ficam punidos pola suba da electricidade, os recortes em sanidade e educação, os despedimentos e o alarmante descenso num 37% da hucha das pensões. Se a explicação é de que se trata de voto cautivo, votos que na realidade respondem a um sistema caciquil, poderia ainda referirme ao outro voto, ao mais ideologizado, o voto que nas anteriores eleições foi para as Mareas, e que comprovou como de galeguistas as tais Mareas, nada; votos que se quadra se emitirom em clave de país e que não reflectirom seus candidatos para nada sua procedencia galega no Parlamento constituido.

Os votantes de Mareas tiverom a oportunidade de verificar com clareza que seu voto serviu só para apoiar a outra forza igualmente centarlista como é Podemos e que se duas vozes do BNG nas anteriores legislaturas pusserom no seu lugar o nome de Galiza e as inquedanzas e necessidades desta terra e suas gentes, cinco representantes de En Marea não servirom nem para ter representatividade proria, ja não digamos para pôr na mesa algúm dos problemas da nossa tera, só o PSOE invocou no seu proveito o descarrilamento de Angrois.

Os agravios sufridos por esta patria galega som muitos em todas as diversas parcelas da economía, som muitos do que afecta á dignidade das pessoas, incontaves no postergamento social como evidencia ter as pensões mais baixas, os salarios mais reducidos, a maior taxa de paro, de familias com tudos os integrantes desempregados, emigração, etc. Deveriamos ser conscentes de que um governo forte na Galiza, não depedente de forzas politicas nem de politicos com sumisión fora do país e duma representação digna no Parlamento do Estado, permitiranos afrontar as nossas necessidades e pôr em valor nossas possibilidades.

É possivel que o voto de um país envelhecido condicione o futuro dos nossos filhos e dos nossos netos. Tambem que um voto para os partidos centralistas condicione igualmente o futuro de Galiza como país, com sua lingua, sua filosofia de vida, suas potencialidades e recursos, seus costumes, sua pessoalidade.



## Letras

**Por: Xosé González Martínez** | **Presidente Foro E. Peinador**

# *Don Victorino Gutiérrez Aller, Notario Maior de Galicia*



O derradeiro documento notarial escrito en lingua galega é de 1532; desde entón proscribírase o seu uso nos instrumentos xurídicos. É certo que algún que outro, anecdoticamente, foi posteriormente redactado no século XX. Pero foi a partir de mediados da década dos anos oitenta cando don Victorino Gutiérrez Aller, notario de Lalín, decidíu que todos os seus protocolos serían escritos en galego; por certo, en modélica prosa. Foi tanta a produción documental expedida por el no noso idioma que se contan por decenas de milleiros os actos xurídicos documentados galeguizados. Por poñermos algúns exemplos, a case totalidade dos títulos de propiedade da concentración parcelaria da comarca do Deza foron redactados no noso idioma na súa notaria.

As escrituras públicas da autoría don Victorino Gutiérrez Aller son pezas literarias do xénero xurídico, redactadas nun estilo propio, directo, de doada comprensión, adornada con termos extraídos da lexicografía histórica, buscando sempre o matíz exacto das expresións que mellor lles acaían ás institucións propias do noso dereito privado, recorrendo con frecuencia ás paremias netamente galegas cando a ocasión precisaba da precisión. Restaurou o patrimonio toponímico moito antes dos decretos da Xunta de Galicia fixando a súa oficialidade. Ata niso foi un precursor.

Cando as familias acudían á notaria para asinaren o testamento adoito producíase un silencio elocuente que alguén, tatexando,



rompía facéndolle unha pregunta: don Victorino, escribíuno en galego, e valerá así?. Vale, si señor!, diciálles rotundamente, despois de explicarlles a importancia de ter un documento de transcendental natureza no idioma no que foi pensado polo testador.

Don Victorino foi un notario que exerceu a súa profesión galegamente, con don de xentes, respetado por todos os que acudían a el na procura de solucións para os seus problemas xurídicos. O seu humanismo e sabedoría foron compensadas con agradecementos e a admiración das xentes de Lalín e comarca.

A súa contribución á normalización lingüística nos usos xurídicos é un exemplo senlleiro na historia da restauración cultural de Galicia. Pertenceu á Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia desde o momento fundacional no ano 1982, participando activamente en cantas accións desenvolvimos. O seu currículo é amplísimo salientando o primeiro "Formulario Notarial" en lingua galega, e o libro "Réxime económico familiar e sucesorio na Lei do Dereito Civil de Galicia". Participou, asemade, na obra colectiva "Contos da Xustiza", unha orixinal iniciativa literaria para dinamizar o uso da lingua galega no eido xurídico. Pero amais diso, don Victorino, prodigouse como conferenciante, sen esquecermos a súa obra literaria.

Don Victorino é, sen dúbida, por merecementos excepcionais, o Notario Maior de Galicia, unha honra oficial que non existe. Ben sería que a Xunta de Galicia o distinguise con esta ou outra distinción semellante –Medalla de Galicia, por exemplo-, polo compromiso coa lingua galega. Mentres esas honras non chegan, a Irmandade Xurídica Galega, da que foi membro fundador, solicitou do Concello de Lalín a concesión do título de Fillo Predilecto para o máis significado dos seus cidadáns. A receptividade do alcalde e corporación municipal foron inmediatas. O próximo día 21 celebrase o acto institucional ao que estamos convocados os veciños do Deza e os amigos de toda Galicia, que somos moitísimos. Parabéns, amigo Victorino!



# Preséntase A Liña do Galego, unha App para avanzar no dereito a vivir en galego

### O aplicativo é gratuíto e está dispoñíbel en Android e Ios

A Mesa pola Normalización Lingüística ven de presentar en Santiago a App A Liña do Galego, coa que melloran o servizo de asesoramento, queixas e parabéns, que a entidade en defensa da lingua presta de xeito gratuíto desde 2007.

O obxectivo deste aplicativo é proporcionar unha nova forma de comunicación coa Liña do galego, que permita o envío de queixas e parabéns dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda. Unha ferramenta destinada a persoas que fan a elección de vivir en galego, que queren atopar o galego en calquera lugar, que sosteñen o desexo de vivir en galego e que queren mostrar as dificultades para avanzar mais tamén recoñecer e arroupar quen co seu esforzo, e sen ningún tipo de colaboración da administración, fai que o galego exista.

### Como usar o Aplicativo?

O aplicativo pode ser descarregado da Play Store e da Apple Store. Unha vez descarregado, a usuaria ou usuario ten que se rexistrar. Para o envío de queixas e parabéns só hai que cubrir un sinxelo formulario e adxuntar fotografía, arquivo ou documento.

Aínda que a Mesa non admite denuncias anónimas, garante a confidencialidade e anonimato de todos os datos.

### Agradecemento ás socias e socios, e colaboradores da Mesa

A presentación tivo lugar no espazo enocultural Vide, Vide! de Santiago, ao que A Mesa recoñeceu polo seu uso normal do galego xunto a diferentes marcas de viño. O presidente da entidade, Marcos Maceira, agradeceu a existencia do aplicativo en primeiro lugar aos case 5000 socios e socias da Mesa " que mateñen vivo o proxecto de activismo a favor da lingua galega, co seu esforzo persoal e tamén coas principais achegas económicas que permiten a existencia de iniciativas tan importantes como A Liña do galego".

En segundo lugar Maceira destacou "ás únicas entidades públicas que en maior ou menor medida colaboran co traballo da Mesa", os concellos de Allariz, Arzúa, A Capela, Manzaneda, A Pobra do Brollón, Poio, Pontecesures, Rianxo, San Sadurniño, Teo e Pontevedra.

Por último resaltou a calidade da App grazas ao traballo de Imaxin Software, empresa qu tamén destaca polo compromiso lingüístico no ámbito das novas tecnoloxías.

### Informe da Liña do Galego

A Mesa, a través da Liña do galego, tramitou case 200 expedientes, maioritariamente de queixa por vulneración de dereitos lingüísticos, coas que elaborou o informe da Liña do Galego que xa foi presentado a organismos internacionais como o Consello de Dereitos da ONU, o Consello de Europa, ou recentemente no Parlamento Europeo.

Segundo afirmou o presidente da Mesa, a esta altura de ano,a Mesa xa igualou a cantidade de expedientes de todo o 2015, "o que demostra que cada vez exite máis conciencia dos dereitos lingüísticos, das discriminacións e da necesidade de ferramentas colectivos como A Mesa para garantir o uso normal do galego".

Ligazón a vídeo de presentación da App https://www.youtube.com/watch?v=EMntWv3QvEU



**Especial Eleccións**

# Panorama político no Estado Español despois do 26 – X.

## Total Estado Español






| PARTIDO | ESCAÑOS | VOTOS | % |
|---|---|---|---|
| PP | 137 | 7.906.185 | 33,03 % |
| PSOE | 85 | 5.424.709 | 22,66 % |
| UNIDOS PODEMOS | 71 | 5.049.734 | 21,1 % |
| C's | 32 | 3.123.769 | 13,05 % |
| ERC-CATSÍ | 9 | 629.294 | 2,63 % |
| CDC | 8 | 481.839 | 2,01 % |
| PNV | 5 | 286.215 | 1,2 % |
| EH Bildu | 2 | 184.092 | 0,77 % |
| CCa-PNC | 1 | 78.080 | 0,33 % |

## Total Euskadi




| PARTIDO | ESCAÑOS | VOTOS | % |
|---|---|---|---|
| PODEMOS/ AHAL DUGU-IU-EQUO | 6 | 333.730 | 29,05 % |
| PNV | 5 | 286.215 | 24,91 % |
| PSE-EE | 3 | 163.628 | 14,24 % |
| EH Bildu | 2 | 152.782 | 13,3 % |
| PP | 2 | 147.639 | 12,85 % |

## Total Cataluña




| PARTIDO | ESCAÑOS | VOTOS | % |
|---|---|---|---|
| ECP | 12 | 848.526 | 24,51 % |
| ERC-CATSÍ | 9 | 629.294 | 18,17 % |
| CDC | 8 | 481.839 | 13,92 % |
| PSC-PSOE | 7 | 558.033 | 16,12 % |
| PP | 6 | 462.637 | 13,36 % |
| C's | 5 | 378.445 | 10,93 % |

## Especial Eleccións

# Total Galicia




| PARTIDO | ESCAÑOS | VOTOS | % |
|---|---|---|---|
| PP | 12 | 643.827 | 41,49 % |
| PSdeG-PSOE | 6 | 345.253 | 22,25 % |
| EN MAREA | 5 | 344.143 | 22,18 % |

# Provincia de A CORUÑA




| PARTIDO | % | DEPUTADOS |
|---|---|---|
| PP | 40,06 | 4 |
| En Marea | 23,07 | 2 |
| PSOE | 21,8 | 2 |
| Ciudadanos | 9,39 | 0 |
| BNG | 3,01 | 0 |





PP. Marta González Vázquez


PP. Miguel Lorenzo Torres.


PP. Tristana Moraleja Gómez


PP. Juan Manuel Juncal Rodríguez


EN MAREA. Yolanda Díaz Pérez


EN MAREA. Antonio Gómez-Reiro Varela


PSOE. Ricardo Antonio García Mira


PSOE. María del Rocía de Frutos Madrazo

# Especial Eleccións

## Provincia de OURENSE




| PARTIDO | % | DEPUTADOS |
|---|---|---|
| PP | 49,6 | 3 |
| PSOE | 23,3 | 1 |
| En Marea | 15,6 | 0 |
| Ciudadanos | 7,0 | 0 |
| BNG | 2,2 | 0 |
| Resto | 2,0 | 0 |

## O PP gañou en 87 municipios

O PP da provincia de Ourense recupera un deputado respecto das eleccións do 20 de decembro de 2015 e acada tres. O PSOE mantén a parlamentaria e En Marea perde a que tiña. O PP recibiu 91.007 votos. Os socialistas 42.878. A coalición Podemos, Esquerda Unida, Anova e "mareas" acadaron 28.703. Ciudadanos chegou aos 12.950 votos e o BNG aos 4.055. O Partido Popular gañou e 87 dos 92 municipios da provincia. O PSOE gañou en: Amoeiro, Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Entrimo e Parada de Sil.
Deputados por Ourense: PP: Miguel Ángel Viso, Celso Delgado e Ana Belén Vázquez. PSOE: Rocío de Frutos.
Senadores por Ourense: PP: Edelmira Barreira, Carmen Leyte, Francisco José Fernández. PSOE: Luís García Mañá.

### Deputados electos


PP. Ana Belén Vázquez Blanco


PP. Celso Luis Delgado Arce


PP. Miguel Ángel Viso Diéguez


PSOE. María del Rocía de Frutos Madrazo

## Provincia de LUGO




| PARTIDO | % | DEPUTADOS |
|---|---|---|
| PP | 47,4 | 2 |
| PSOE | 23.7 | 1 |
| En Marea | 16,9 | 1 |
| Ciudadanos | 6.9 | 0 |
| BNG | 2,6 | 0 |
| Resto | 2,3 | 0 |

## O PP só perdeu en dous concellos

O PP gañou na provincia de Lugo máis de 4.000 votos respecto das eleccións anteriores. O PSOE perdeu máis de 3.000 e En Marea case 7.000. O PP gañou as eleccións na provincia de Lugo. Os populares obtiveron 2 deputados, os socialistas 1 e En Marea 1. Ciudadanos non conseguiu escano e tampoco o BNG. O PP conseguíu 90.869 votos; o PSOE 45.401 e En Marea, 32.371. O partido Popular gañou en tódolos concellos lugueses agás en Negueira de Muñiz e en Pedrafita do Cebreiro onde o PSOE adiantou.
Deputados por Lugo: PP: Joaquín García Díaz, Jaime de Olano Varela. PSOE: Margarita Pérez Herráiz. En Marea: Miguel Anxo Fernán Vello.
Senadores por Lugo: PP: José Manuel Barreiro Fernández, Dámaso López Rodríguez. PSOE: Ricardo Varela Sánchez.


JOSÉ MANUEL BARREIRO FERNANDEZ


MIGUEL ANXO FERNAN VELLO


RICARDO VARELA

Especial Eleccións

# Eleccións en Pontevedra

Por Sabela Rodríguez

## Provincia de PONTEVEDRA




| PARTIDO | % | DEPUTADOS |
|---|---|---|
| PP | 38,3 | 3 |
| En Marea | 25,19 | 2 |
| PSOE | 21,86 | 2 |
| Ciudadanos | 8,87 | 0 |
| BNG | 3,09 | 0 |

A vitoria do Partido Popular en España ten o seu reflexo en Galicia onde as súas candidaturas sumaron a maioría dos votos da cidadanía acadando 12 deputados, dous máis ca nos anteriores comicios. En segundo lugar quedaron os socialistas con 6 deputados e, no terceiro, En Marea (coalición de Podemos, Anova e En Marea), con cinco representantes no Congreso. Nin Ciudadanos cun 8,63% dos votos, nin o BNG-Nós, co 2,89% dos sufraxios galegos conseguiron representación.

En Pontevedra, o mapa político queda de maneira idéntica ao do 20 de decembro, aínda que mudan as porcentaxes de voto: o PP logra 3 escanos no Congreso (206.732 votos, 38,32%), En Marea 2 escanos (135.960, 25,18%) e o PSdeG-PSOE tamén 2 con 118.015 votos e un 21,87% dos sufraxios. Así as cousas, nada cambia pero cambia a tendencia que deixaran os comicios de decembro de 2015 porque os populares gañan parte do terreo perdido, En Marea perde forza e os socialistas acurtan distancias cos segundos. O tan comentado sorpasso que vaticinaban as enquisas cumpriuse en 27 dos 62 municipios pontevedreses, entre eles, Vigo, Pontevedra, Redondela, Vilagarcía ou Cangas. A maioría dos populares só quedou rachada na Illa de Arousa e en Fornelos de Montes co triunfo socialista mentres En Marea se impuxo en Cangas e O Grove, repetindo o resultado de hai seis meses nestes dous últimos casos. Pola contra, non repetiu apoios en Vigo ou Moaña onde si o fixera no 20D.

### Por candidaturas

• **Partido Popular**
Os populares gañaron con comodidade co respaldo do 38% dos electores pontevedreses e recuperando 8.000 dos case 100.000 votos que perderan no 20D.

• **En Marea**
A coalición na que concorrían Anova, Esquerda Unida, Podemos e outras onfluencias logra dous deputados, repetindo o resultado da cita electoral pero perdendo 25.000 votos, mentres os seus rivais se manteñen e mesmo melloran.

• **PSOE**
Mantense como terceira forza na provincia e continúa tendo dous representantes no Congreso con 118.000 votos.

• **Ciudadanos**
No cuarto lugar en apoio cidadá, non consegue escano para a súa candidata.

• **BNG**
Sen representación parlamentaria acada 16.000 votos en Pontevedra.

### Por Concellos

• **Vigo,** o concello máis grande da provincia, tampouco foi alleo á vitoria popular, supoñendo un cambio importante respecto ao acontecido o 20 de decembro de 2015 cando En Marea acadara a maioría dos votos. Na repetición dos comicios perden 9.000 apoios quedando con 50.829, de maneira que o PP ascende ao primeiro posto gañando 3.000 votos e acadando 52.297 mentres o PSOE se mantén no terceiro lugar con 40.204 sufraxios. Ciudadanos consegue 15.912 e BNG-Nós 3.301.

• **En Pontevedra**, o PP mellora respecto á cita electoral de decembro incrementado en 17.000 votos e o 37% total dos mesmos, case cinco puntos porcentuais por enriba dos anteriores. O BNG experimenta unha caída salientable na cidade que goberna Miguel Anxo Fernández Lores dende hai 17 anos recadando menos de 3.000 apoios. En Marea suma o 23,9% dos apoios mentres o PSOE logra o 22,34 e Ciudadanos queda cun 9,67% da porcentaxe de voto da cidade.


PP. Ana María


PP. Irene Garrido Valenzuela


PP. Pilar Milagros Rojo Noguera


EN MAREA. Ángela Rodríguez M.


EN MAREA. Alexandra Fernández


PSOE. María Dolores Galovart C.


Guillermo Antonio Meijon C.



# Galicia

**Redacción A CORUÑA**

## Exposición 50 Aniversario do Asociacionismo provincial



O alcalde, Xulio Ferreiro, e o concelleiro de Emprego e Economía Social, Alberto Lema, asistiron esta mañá á inauguración da exposición organizada con motivo do 50 aniversario da Asociación Provincial de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios, que se pode ver na sede do Colexio Oficial de Médicos da Coruña.

O rexedor indicou que "A Coruña é unha cidade de símbolos". "Igual que o é a Torre, o estadio de Riazor, ou o Monte de San Pedro, o tecido asociativo deste municipio, que leva anos traballando por mellorar a vida da nosa veciñanza, tamén é un símbolo", explicou. Así, Ferreiro agradeceu tanto á Asociación de Amas de Casa como ao resto de entidades da cidade que traballan sen ánimo de lucro "o seu esforzo, que vai na liña de conseguir una cidade máis igualitaria e, por tanto, máis xusta". O primeiro edil tamén quixo destacar, por este motivo, o fondo compromiso do Concello con todo o asociacionismo da cidade.

## Bascuas pidelle a Noriega que deixa de meter a Compromiso nos seus problemas

O secretario xeral de Compromiso por Galicia e candidato á presidencia da Xunta, Xoán Bascuas, negou rotundamente que haxa afiliados de Compromiso por Galicia colaborando con En Marea, saíNDO ao paso das declaracións de Martiño Noriega na Radio Galega:"As afirmacións do Sr. Noriega non se corresponden coa realidade.Ademáis son tan gratuitas como innecesarias, a non ser que a súa vontade sexa a de perxudicar a Compromiso".

O político galeguista deixou claro que "Compromiso vai andar polo seu camiño e ese camiño non é o do Sr. Noriega", e emprazou a Martiño Noriega a que se preocupe "porque a súa proposta política estea no mellor estado operativo, que de seguro que tamén será unha boa nova para o país" facendo extensiva esa preocupación ao goberno municipal que dirixe "que seguro que tamén será unha boa nova para Santiago de Compostela".

Compromiso por Galicia é a única organización que xa ten elixidos aos catro cabezas de lista polas distintas provincias galegas:"Cada día temos máis claro que Compromiso ten un importante traballo que facer no Parlamento de Galicia" engadiu o candidato á presidencia da Xunta, que lembrou que na convención nacional do partido, o 71% da afiliación respaldou o proxecto autónomo que agora concorrerá ás eleccións autonómicas.





Redacción SANTIAGO DE COMPOSTELA

# Alumnos de galego do Bierzo e Sanabria na Casa Museo de Rosalía



■ *Estudantes na Casa Museo de Rosalía de Castro, en Padrón.*

A Casa Museo de Rosalía de Castro acolleu a recepción da Consellería de Cultura e Educación ao alumnado que estuda na lingua propia de Galicia nas comarcas galegofalantes do Bierzo e de Sanabria, situadas na comunidade de Castela e León. Alí os estudantes mantiveron un encontro co secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez, coa subdirectora xeral de Política Lingüística, María A. Antón Vilasánchez, e co presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira Viturro. García Gómez animou os 112 rapaces e rapazas que participan nesta viaxe a Galicia a continuaren estudando e cultivando a que "é tamén a vosa lingua", porque "o éxito do Programa para a Promoción da Lingua Galega en Castela e León depende, non só dos gobernos que asinaron o protocolo de colaboración que o fai posible, senón tamén do voso esforzo, da entrega do voso profesorado e da implicación das vosas familias, que son conscientes dos beneficios que ten para vós dominardes o galego". Os 112 alumnos e alumnas e 8 docentes que, procedentes da comunidade de Castela e León, pasan días en Galicia, fixeron parada no Parque Arqueolóxico Rupestre de Campolameiro, en Vilanova de Arousa e en Padrón, amais de faceren a Ruta Xacobea do Mar de Arousa. Nestes lugares, participaron en obradoiros, actividades deportivas e de lingua, visitas guiadas e outros actos culturais.

## 1079 alumnos en 18 centros

1079 alumnos e alumnas de educación infantil, primaria, ESO, bacharelato e escolas oficias de idiomas cursan durante o ano escolar en curso a área de galego e materias en galego como lingua vehicular nas comarcas estremeiras do Bierzo e de Sanabria, grazas á colaboración iniciada no ano 2001 entre a Xunta de Galicia e a Junta de Castela e León, ampliada coa sinatura do Protocolo xeral de colaboración entre os dous gobernos actualmente vixente. Fano nos 18 centros educativos -13 de infantil e primaria, 4 de educación secundaria e a Escola Oficial de Idiomas de Ponferrada- que participan no Programa de Promoción da Lingua Galega en Castela e León. No marco do Programa, o alumnado dos centros participantes opta por recibir docencia co galego como lingua vehicular nas áreas de Linguaxes: comunicación e representación, en educación infantil; Ciencias sociais, Ciencias da natureza e Educación artística, en primaria; e na de Ciencias sociais, xeografía e historia en secundaria obrigatoria, así como a cursar as materias de Lingua e cultura galega na ESO e no bacharelato. Ao estudantado que finaliza o programa na ESO e no bacharelato recoñécenselle os niveis oficiais de Certificación do coñecemento en lingua galega (Celga) 2 e 3, respectivamente. Na Escola de Idiomas de Ponferrada tamén é posible cursar os niveis Celga 1 a Celga 4. Desde a súa creación, máis de 10 000 alumnos e alumnas seguiron este programa.

## Exterior

Ademais de en Castela e León, a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Educación promove o galego nos estudos preuniversitarios no IE Cañada Blanch de Londres, nos institutos cataláns do proxecto Galauda e no Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires. Deste xeito, responde ás demandas dos galegofalantes que viven no exterior e dá a coñecer o noso idioma entre a poboación de orixe non galega.

# Basilio Losada cede libros á Biblioteca de Galicia

O escritor e profesor Basilio Losada cedeuaoGobernogalegoarredor de 3.000 volumes de diversos eixes temáticos e de excepcional interese que serán catalogados e incorporaranseaos fondos da Biblioteca de Galicia da Cidade da Cultura. Entre estes libros atópaseunha rica colección de poesía e de literatura e crítica literaria portuguesa, multitude de obras sobre as cidades do mundo que o propio Basilio Losada visitouao longo da súa vida, edicións singulares dos clásicos occidentais, así como un fondo de novidades en lingua galega desde 2001 ata a actualidade. Entre as pezas destacadas inclúeseunha réplica en tamaño real da Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán. Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, destacou no acto a traxectoria do profesor emérito da Universitat de Barcelona, "un dos estudososmáis destacados do mundo académico galego-portugués e un dos grandes difusores da nosa cultura no exterior", así como a súaxenerosidade con Galicia que "devolveremos –en palabras do conselleiro– coidando do mellorxeito posible os seus libros", garantindo que esteannasmellorescondicións na biblioteca que esta chamada a gardar a memoria escrita, presente e futura, de Galicia.

## Antecedentes

En 2001, a Biblioteca de Galicia xaadquiriu parte dos fondos bibliográficos de Basilio Losada, que conforman unha destacada colección na que están títulos fundamentais da literatura galega, especialmente do século XX, así como as diferentes edicións dos mesmos. Esta biblioteca contaxa con 9.363 títulos e 11.157 volumes de libros e folletos, o que sumado ao legado que agora dona o profesor supón un legado intelectual e bibliográfico superior aos 14.000 volumes. Á colección de libros engádense as publicacións periódicas. Un total de 157 títulos de publicacións periódicas que suman 1.355 números. A maior parte das obras están escritas en galego, aínda que contacunha boa representación de volumes en castelán de autores galegos. Entre estestaménhaiedicións de obras galegas publicadas en América, e edicións de autores galegos emigrados ou exiliados en América, desde ondeescribiron importantes obras para a literatura e para o libro galego en xeral.



■ *Basilio Losada coconselleiro de Cultura, secretario xeral de Política Lingüística, secretario xeral de Cultura e directora xerente da Cidade da Cultura.*

## Galicia

Redacción LUGO

# Mais de medio millón de persoas no Arde Lucus 2016



■ A alcaldesa, Lara Méndez, no centro.

As rúas da capital lucense volveron encherse un ano mais de soldados, centuriónS, patricios, senadores, vestais, xente dos pobos celtas e castrexos. Aínda que pola mañá percibíase polas rúas do centro histórico da cidade, protexido pola Muralla Patrimonio da Humanidade. Os comerciantes do Macellum (mercado romano), asentado na Praza Maior da cidade, confirmaban o que se podía apreciar a primeira ollada, que durante toda a mañá veu producindo un goteo constante de xente, que se converteu nun auténtico caudal a partir de mediodía. Na organización da festa implicáronse un total de dezasete asociacións de recreación histórica, dado que ás catorce existentes en edicións anteriores sumáronse outras tres este ano, que montaron outros tantos campamentos en diferentes puntos do centro histórico de Lugo. A Cohors III Lucensium, unha das máis veteranas, volveu plantar a súa fortificación en plena Praza Maior, ante o consistorio, rodeada de todas as armas pesadas da época romana que foi acumulando nos últimos quince anos para defender a súa posición na cidade. Na praza Horta do Seminario, fóra do recinto amurallado, situáronse os veciños da aldea celta Tebras Galaicas e tamén o campamento dos terribles mercenarios galaicos, protexido de posibles escaramuzas polo seu empalizada e polos guerreiros que o custodian e asustan aos curiosos batendo as súas pesadas armas de metal contra o chan. Os senadores, no seu maxestuoso pazo, reflexionaban e debatían sobre o futuro da cidade, antes de deixarse ver polas rúas para falar con lucenses e visitantes. Os castrexos de Friol tamén se instalaron nesta ocasión dentro do recinto que protexe a Muralla, xusto detrás da casa consistorial, para mostrar como era a vida na súa aldea, dentro e fóra das pallozas nas que vivían en tempos do imperio, pero tamén para ofrecer aos visitantes, tamén aos romanos, petiscos do queixo artesanal que se elabora nese municipio.



■ Cohors III Lucensium.

## Circo romano

O circo romano volveu congregar a miles de persoas para ver aos gladiadores loitando pola súa vida e, unha vez máis, deixou algunha das imaxes máis vistosas desta festa. O centro histórico foi un gran parque temático sobre a cultura dos romanos e os castrexos, grazas a eses campamentos instalados nas prazas e rúas da cidade, pero tamén aos grupos de teatro que recrearon escenas cotiás da vida na época do imperio. O Concello tamén deseñou un programa específico para os máis pequenos, o Miudo Arde, e durante os días de festa permaneceron abertos os seis museos municipais da cidade, que mostran a importante pegada que deixou o legado romano en Lugo. A festa terminou o domingo día 19 de xuño coa invasión castrexa e o posterior peche de portas da Muralla romana, por parte da Garda Pretoriana. Segundo cálculos do goberno local, pasaron pola cidade un total de 600.000 persoas.



■ Grupo de castrexos.

## Cohors III Lucensium



■ Moeda oficial MMXVI.

A concelleira de Cultura, Carmen Basadre, e o presidente da asociación Cohors III Lucensium, Manuel Fernández, escoltados por catro soldados romanos, presentaron a moeda oficial que esta asociación acuña, por sétimo ano. A edil recoñeceu o traballo en prol da historia e da cidade desta asociación, así como da súa recreación histórica. Fernández explicou que con esta iniciativa a Cohors III Lucensium "quere que, unha vez máis, os asistentes se sintan identificados dunha forma lúdica e participativa co pasado romano da cidade, de xeito que público e comerciantes se involucren máis na festa, exportando ao mesmo tempo unha imaxe positiva e cordial da xente de Lvcvs Avgvsti". A moeda é un áureo, realizada en bronce e latón dourado, do ano 112 D.C. No anverso aparece o busto do emperador Trajano e no reverso, a columna de Trajano, coroada coa estatua do emperador, e na base dúas aguias. Aparece tamén, pegada á columna, o xabalí representativo da asociación. A Columna do Emperador Trajano foi construída entre o ano 98 e o 117 D.C para celebrar a vitoria de Trajano en dúas guerras de conquista. A Cohors III Lucensium repartiu unhas 10.000 unidades; cada moeda con valor de 2 euros. Unha vez finalizadas as festas, os romanos que quixeron recuperar os seus euros trocaron a moeda do Arde Lvcvs no banco. A Cohors III Lucensium puxo á venda colgante e pulseiras coa moeda, por un prezo de 5 euros.

Fundación

Catorce anos antes da nosa era, o legado Paulo Fabio Máximo fundou en nome do Emperador de Roma a cidade de Lucus Augusti, nun lugar alto próximo ao Miño, o maior río de Galicia. Esta sería a capital do Convento Xurídico Lucense, é dicir, o noroeste dunha gran Gallaecia que se estendía polo sur ata o río Douro. As minas de ouro de Gallaecia foron unha base moi importante da economía imperial, e Lvcvs Avgvsti chegaría a ser unha importante cidade provincial. Tres séculos despois, a estrutura urbana da cidade modificouse e desprazouse lixeiramente, aínda que coincidindo na maior parte coa planta anterior.



■ Décimus Magnus e Quintus Cervidius Scaevola.

Galicia

Redacción LUGO

# A Deputación aprobou o orzamento de 96,3 millóns para emprego, infraestruturas e políticas sociais


■ *Elena Candia, Darío Campos e Manuel Martínez, en rolda de prensa.*

O Pleno da Deputación de Lugo aprobou definitivamente o presuposto para 2016 logo de que a propostaorzamentaria que presentouá sesión extraordinaria o presidente, Darío Campos Conde, acadase o apoio dos deputados do PSOE, PP e do non adscrito. "Houbéseme gustado contar coa unanimidade, pois estivemos negociando ata o último minuto e incorporando achegas de todos os grupos políticos, pero non puido ser", salientou Campos Conde ao respecto do voto en contra do BNG. Con todo, engadiu, "hoxe é un día de noraboa para todos os lucenses, pois aprobamos a miñaproposta de orzamento de 88,3 millóns de euros, aos que hai que sumar outros 8 millóns de euros de remanentes, supoñendo un total de 96,3 millóns de euros para este ano. É unhaproposta de orzamento para todos, para os máis de 350.000 veciños dos 67 concellos da provincia; e baseada, tal e como dixen no Parlamento de Galicia, en dar respostaás prioridades dos lucenses. Estas son o emprego, as infraestruturas e as políticas sociais"."É certo que me houbese gustado moitísimo ter dado esta boa noticia hai tempo. Creo que é de honestidadereconecer culpas, ao tempo que tamén creo que é imprescindible pedir desculpas a todos e cada un dos lucenses por esta longa tardanza. Eu fágoo na miñapersoa e como máximo responsable desta institución. Para min, e estou convencido que para moitoscidadáns, non haixustificación válida algunha para non ter xa en plena execución na nosa provincia oorzamento da Deputación para 2016. E máisaínda, cando esta administración non ten carga financeiraalgunha. Pois a de Lugo é unha das poucasdeputacións en España con débeda cero. Isto permítenos duplicar, con respecto ao ano pasado, os investimentos no conxunto da provincia e para o conxunto dos lucenses con esta proposta de presuposto para todos".

## Política con maiúsculas

"Como dixen o día da miña toma de posesión, sempre entendín, e entendo, que a política é un instrumento social que naceu por e para os cidadáns. Polo tanto, só respondendo as súas necesidades se fai política con maiúsculas. No momento actual no que vivimos, con máis pluralidade política e gobernos en minoría que nunca, é imprescindible o diálogo, o consenso e os acordos entres os diferentes partidos, tal e como nolo están a reclamar os cidadáns, para poder facer esta política con maiúsculas. E isto é o que fixemos coa aprobación do orzamento. De non chegar a este acordo, estaríamos privando aos lucenses, sen motivo algún, de investimentos de 30 millóns de euros para toda a provincia cun orzamento prorrogado. É cuestión de responsabilidade, de facer primar o interese xeral dos cidadáns aos individuais ou partidistas, como ten que ser para facer unha verdadeira política.Isto é o que nos está a reclamar a cidadanía. Debémosllo. Agardo que o día de hoxe sexa un antes e un despois na Deputación de Lugo", subliñou.

## Acordos presentados

Tal e como recolle o punto 14 do acordoeste debía ser presentado, a petición do Partido Popular, por todos os seusasinantesnunha rolda de prensa conxunta. Así o fixeron o presidente, Elena Candia, voceira provincial do PP, e Manuel Martínez, deputado non adscrito. Darío Campos remarcou que "este é un acordo coa provincia, un acordocosmáis de 350.000 lucenses dos 67 concellos. Pois con el garantimos a aprobación definitiva e inmediata execución, unha vez publicado no BOP, do orzamento para 2016, dotado de 96,3 millóns de euros para emprego, infraestruturas e políticas sociais por igual e para o conxunto da provincia de Lugo".O presidente explicou os acordosacadados e incorporados a súaproposta de orzamento. "No eido económico, no que, prácticamente, sempre estivemos de acordo todas as forzas políticas, estes son os seguintes":Primeiro: "Garantir un Plan de Obras e Servizos de 5,7 millóns de euros. É a mesmacantidade que adiantei no Parlamento galego e incluíu na miñaproposta inicial de orzamento para 2016 coobxectivo de triplicar a achega da Deputación para obras municipais nos Concellos e, polo tanto, incrementar a cooperación coas entidades locais. Este compromiso manterase durante todo o mandato, é dicir, ata 2019 inclusive".Segundo: "Achegar 1,5 millóns de euros ao SAF durante todo o mandato. Tamén se trata do mesmoorzamento que dixen no Parlamento galego e incluíu na miñaproposta inicial de Orzamento da Deputación para 2016".Terceiro: "Un plan de emprego para todos os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, polo que sempreapostei. Esta iniciativa manterase durante todo o mandato e terá un orzamento de 3 millóns de euros. Como sempredefendín, no reparto de fondos terase en conta a poboación e o número de desempregado. Ademais, serán os propios municipios os que se encargarán da selección e contratación dos traballadores. Namiñaproposta de orzamento de 2016 haimáis de 6 millóns de euros para emprego. Os restante 3 millóns serán para programacións que consensuaremos con todo o tecido asociativo e empresarial coobxectivo de intentar garantir unhamaior inserción laboral. É dicir, que rematado o plan da Deputación, sen as subvenciónsprovinciais, as entidades beneficiadas continúen cos traballadores contratados polasúanecesidade para impulsar os seus negocios".Cuarto: "Respectar, como fixendende o primeiro momento, os convenios con 17 concellos que deixouasinados Elena Candia estando na presidencia. Sempre os respectei polo que os incluín na miñaproposta inicial de orzamento coa súacorrespondente dotación económica, que non tiñan, dotada de máis de 2 millóns de euros para esta anualidade. Na busca do equilibrio, outrosmáis de 4,5 millóns de euros do presuposto para este ano, serán, tal e como defendínsempre, para obras nos restantes concellos da provincia, beneficiando aos 67".Quinto: "Dos 1,5 millóns de euros incluídosxa na miñaproposta de orzamento para os centros de maiores de Folgoso do Courel, Portomarín e Becerreá, 500.000 euros serán para a residencia deste último municipio da montaña. Comprometémonos a financiar o centro de maiores de Becerreánestas 4 anualidade (2016-2019), cunhaachega máxima por ano que non será superior aos 2 millóns de euros. Pois creo que de non facelo así non sería xusto para os restantes concellos da provincia. O municipio de Becerreácomprométese a participar no financiamentocun mínimo de 300.000 euros". Sexto: "Comprometémonos a posta en marcha dun plan de dotación de marquesiñas en todos os concellos da provincia, con criterios obxectivos de reparto, que garantan un mínimo de 2 marquesiñas por municipio".

Execución do orzamento

"Os restantes acordosaos que chegamos son relativos ás bases de execución do orzamento, asunto que non se tratou ata á presentación de emendas e alegacións, é dicir, que non foiplantexadonin abordado durante as negociacións inicias do orzamento. Cosacordosacadados garantimos que o Gobernoprovincial poida desenvolver a súa función diaria de xestor e a oposición a súa de fiscalización. Pois introducimos novos mecanismos de participación política sen mermar as funciónsou responsabilidades que cada grupo político ten nesta Corporación provincial", remarcou. Estesacordos son: Primeiro: que as subvencións nominativas da Deputación serán propostas polo presidente ao Pleno provincial para a súa aprobación, como sempre se fixo. Por exemplo, na proposta de orzamento do presidente que se aprobouinclúensesubvencións nominativa dun total de 320.000 euros para o impulso do benestar, de 400.000 euros para deportes, de 280.000 euros para cultura e de 90.000 euros para citas gastronómicas nos concellos. Segundo: que as subvenciónsexcepcionais da Deputación serán propostas e concedidas polo presidente, establecendounhacantidade máxima de 40.000 euros.Terceiro: que as bases para a concesión de subvencións de concorrencia competitiva serán propostas polo presidente e aprobadas en Xunta de Goberno. Con todo, antes da súa aprobación polo órgano competente (Xunta de Goberno), estas deberán ser debatidas e acordadas por unha comisión política, na que participarán o presidente, un representante de cada grupo político e o deputado non adscrito. No caso de non conseguir o visto e pracedesta comisión política, aprobaranse as bases da convocatoria anterior coobxectivo de garantir sempre estas importantes axudas para todo o tecido asociativo da provincia. Cuarta: seguirá sendo competencia do presidente as modificaciónsou transferencias de crédito do orzamento, que non excederán a cantidade de 150.000 euros, ata unha cuantía máxima de 2 millóns de euros durante o ano. No caso de ser necesaria unha modificación ou transferencia de crédito superior a dita cantidade (150.000 euros), o presidente faráunhapropostaao Pleno para a súa aprobación. Quinto: en canto a xeración de remanentes, tamén seguirá sendo o presidente o que propoña a incorporación dos mesmosaoorzamento. No caso de que se xeren en materias comprometidas nesteacordo (por exemplo, POS ou SAF), incorporaranse, directamente, para os mesmosfins. No caso de que se xeren en materias non comprometidas, o presidente faráunhaproposta para o seu debate e aprobación na comisión política con representación de todos os grupos e do deputado non adscrito.

## A postura do BNG

O BNG rompeu o bipartito co PSOE despois de que as súas posturas non se achegasen ante o pleno que se celebrou. A executiva nacionalista reuniusepola tarde e, tras o encontro, deu por "roto" o pacto de goberno. "De xeito unilateral o presidente acaba de romper o pacto e de pornosfora do gobernó", explicou en rolda de prensa Goretti Sanmartín, integrante da executiva e vicepresidenta da Deputación da Coruña. Neste sentido, sinalou en conferencia de prensa que a ruptura se produce desde o momento no que Campos pacta coa portavoz popular, Elena Candia, os orzamentos "ás costas" dos representantes nacionalistas. "É algo desleal e anómalo cando estás a gobernar co BNG. Parece que o que están a facer o PSOE e o PP é un ensaio da gran coalición que parece que nos queren levar a outros niveis", afirmou. Sanmartín emprazou á dirección nacional do PSOE a "desautorizar" o acordo de orzamentos dos socialistas lucenses co PP, e xustificouno porque vai "en contra" do acordo formal existente entre socialistas e nacionalistas para gobernar en tres das catrodeputacións galegas. "Neseacordo o que está encima da mesa é facer acabar coas políticas caciquiis, acabar con aquelas políticas que xustamente o que fan é buscar prebendas e buscar que haxa determinados lugares favorecidos fronte a outros. Nós promovemos políticas que nada teñen que ver coas do PP", concluíu.

Galicia

Redacción LUGO

# Monforte non terá praia fluvial en Ribasaltas



O Grupo Municipal do PP de Monforte esixe ao alcalde explicacións por non facer "nin unha soa xestión" para que Monforte teña praia fluvial en Ribasaltas. Así se desprende dun informe da Consellería de Sanidade no que pode lerse que desde o ano 2013 "non se recibiu ningún informe do Concello no que se indique que se realizaron obras ou actuacións na praia fluvial que eliminen as causas que motivaron a súa exclusión do censo oficial de zonas de baño". Un informe imprescindible para poder incluíla no programa de vixilancia sanitaria e poder metela no censo oficial de zonas de baño. A portavoz do PP, Julia Rodríguez, afea a falta de iniciativa do rexedor para recuperar a zona de Ribasaltas como espazo de lecer e zona de baño, a pesar de existir acordos plenarios neste sentido e de tratarse da zona máis apropiada para situar este tipo de áreas, con posibilidades de aparcadoiro e de lecer para todos os veciños e veciñas. Os populares contactaron ademais coa Confederación Hidrográfica Miño Sil (CHMS) quen confirma que o Concello non presentou solicitude algunha para a autorización da praia fluvial desde que goberna o alcalde socialista José Tomé. Por todo o anterior, a portavoz do PP, Julia Rodríguez lamenta o deixamento do rexedor, o que fará que "un ano máis os monfortinos non conten cunha área pública para o seu lecer de verán". Os populares pídenlle ao alcalde que "póñase as pilas" e faga o seu traballo para que este sexa o último no que Monforte non conte con zona de baño pública.

# O BNG acusa ao alcalde de Monforte de falta de diálogo

O grupo municipal do BNG de Monforte fixo unha valoración do primeiro ano de mandato do alcalde José Tome Roca na que afirma que "demostrou e segue demostrando que non ten capacidade de diálogo" e que "foi ou único na historia do Concello que aos seis meses de chegar ao gobernó tivo que someterse a unha moción de confianza". A portavoz do grupo nacionalista, Pilar López considera que a "incapacidade" do rexedor para "entenderse cos demais nas cousas importantes da cidade prexudica aos intereses de Monforte".O BNG tamén di que as promesas feitas por Tome en canto á creación de emprego "eran mentira" e de forma especial todo o referente á instalación no municipio da empresa Pacadar. "Agora que está á fronte do Concello podía ter realizado as xestións oportunas para que esta empresa, tal como dicía, instalásese na nosa cidade e non entanto nada disto fixo", engaden os nacionalistas. Segundo o BNG, outro aspecto criticable na xestión do alcalde, é o feito de que pretenda aplicar unha subida do 18% nos recibos da auga cando "na oposición criticaba ata a actualización do IPC dos impostos municipais". Din os nacionalistas que "xa non se sabe se é o representante de Aqualia ou de Monforte" e agregan que "se mostra máis preocupado" polo acordo coa concesionaria do servizo de augas que polos intereses dos veciños. Mencionan as obras de renovación da condución de auga potable nas rúas Corredoira, José de Carabantes e Irmás Dapena, "asunto no que non só non lle solicitaba á empresa que sufragase o custo da obra, senón que non se ve fixese nada por requirirlle á empresa que arranxe as deficiencias denunciadas non seu momento pola veciñanza e por este grupo municipal". Ademais "contratou esta obra cunha empresa foránea". Os nacionalistas tamén acusan a Tomei de non cumprir as súas promesas na recuperación do tecido industrial, a mellora de rúas e zonas verdes e a construción da rolda urbana entre a N-120 e a rúa Ourense.



■ *O BNG critica ao alcalde de Monforte, á dereita na foto.*

# Ribeira Sacra asociouse á Rede de Cidades e Territorios Creativos de España

No antigo palacio condal de Monforte asinouse o acta fundacional da Rede de Cidades e Territorios Creativos de España, un proxecto impulsado pola Universidade Rey Juan Carlos que conta co respaldo da Comisión Nacional Española de Cooperación coa Unesco. A nova rede ten dezaoito socios fundadores aos que poderán sumarse todas as entidades territoriais que o soliciten. Por agora, ademais de Monforte, o único municipio galego que forma parte da recentemente creada rede é o de Mondoñedo, cuxa alcaldesa, Elena Candia, estampou a súa firma no documento xunto cos representantes de todas as demais institucións asociadas. Á rede asociáronse tamén os concellos de Ávila, Alcalá de Henares, Cidade Real, Madrid, Málaga, Palencia, Santander, San Sebastián e Segovia, ademais das deputacións de Lugo e Valladolid, o cabido de Tenerife, a Xunta, a Junta de Castilla y León e o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra. A nova entidade ten entre os seus obxectivos o de impulsar a innovación e a creatividade nos ámbitos económico, tecnolóxico, cultural, artístico, social e territorial. O acto encadrouse nun simposio centrado en gran parte nas relacións de mecenado entre Cervantes e o sétimo conde de Lemos, que terminou cun percorrido por diversos lugares da Ribeira Sacra. Un dos fins básicos da recentemente creada rede é favorecer o desenvolvemento cultural, económico e tecnolóxico dos municipios de menos de 50.000 habitantes, segundo explicou a monfortina Belén Elisa Díaz, directora do máster de economía creativa da Universidade Rey Juan Carlos, desde que se impulsou este proxecto. Díaz lembrou que entre os preto de 8.100 municipios españois só hai 145 que superen esta cifra. "O obxectivo desta rede é conectar territorios que quedaron esquecidos durante o período de desenvolvemento industrial do século XX e reposicionarlos para que ocupen unha posición competitiva a través da colaboración", explicou. Os promotores do proxecto consideran que as novas tecnoloxías, as actividades culturais e creativas e a potenciación do patrimonio material e inmaterial poden axudar ás cidades medianas e pequenas e ás poboacións rurais a desenvolver novos recursos económicos. "Hai que pensar que a cultura non é un floreiro e ter en conta feitos como o de que os viños da Ribeira Sacra non serían o mesmo se non se vendesen conxuntamente coa historia, o patrimonio e a paisaxe deste territorio", agregou Díaz.



■ *Luis Fernández Guitián asinou polo Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.*

Galicia

Redacción de OURENSE

# Curso para potenciar o turismo na Eurocidade Chaves,Verín e Vidago

Técnicos de turismo de Chaves-Verín e o secretario executivo da AECT Eurocidade Chaves-Verín, Pablo Rivera, celebraron unha xornada de formación destinada aos informadores turísticos de Chaves, Verín e Vidago. Tratouse de formalos sobre a oferta turística conxunta do destino Chaves-Verín para que poidan informar e prescribir todos os recursos culturais, gastronómicos, enológicos, patrimoniais, etnográficos, termais e da auga de ambos os lados da "raía". Nesta primeira xornada os esforzos centráronse nos informadores turísticos, que recibiron ao final da formación un diploma que lle acredita como "informador transfronteirizo da Eurocidade". Ademais, a AECT xa se está programando unha segunda xornada enfocada no persoal de recepción dos hoteis por considerarse os principais prescriptores do destino entre clientes e visitantes. Os técnicos de turismo de Chaves-Verín comunicaron aos encargados de informar sobre o destino a última novidade posta en marcha pola AECT para dar a coñecer a riqueza en mananciais mineromedicinales e, de paso, as tres vilas históricas xurdidas ao redor deles: Verín, Chaves e Vidago: O Pasaporte da Ruta Termal e da auga. O funcionamento do pasaporte é sinxelo. En calquera oficina de turismo da Eurocidade entregarase de maneira gratuíta o Pack do Agüista, cuxo elemento central é o Pasaporte, unha guía de viaxe no cal os turistas, que así o desexen, irán gravando os selos que certifican o paso polas distintas fontes e que permitirá, ao final do percorrido, recoller o Diploma de Embaixador das Augas de Chaves-Verín. A Ruta Termal e da auga percorre, ao longo do río Támega, os seus múltiples mananciais. As augas de Cabreiroá, Sousas e Fontenova en Verín son referencia histórica e levan décadas envasándose para comercializarse en mercados cada vez máis amplos. Menos coñecido fóra do val de Monterrei, pero máis popular para os verineses, atópase a "Fonte do Sapo". Pola súa banda, en Chaves atópase a Fonte do Povo, coas súas augas hipertermales, alimenta unha tradición de turismo de saúde e benestar que se remonta aos tempos romanos. Finalmente, as fontes de Vidago conseguiron atraer todo o máis selecto da sociedade europea a principios do século XX.



■ *Informadores turísticos que asistiron ao curso de formación*

# Vila Nova de Gaia propón o irmandamento co Carballiño

O presidente da Cámara Municipal de Vila Nova de Gaia, Eduardo Vítor Rodríguez, propuxo un irmandamento entre a súa cidade e a vila do Carballiño. É un ofrecemento que lle fixo ao alcalde do Carballiño, Francisco Fumega, durante o acto de presentación da Festa do Pulpo nesta metrópoli da desembocadura do río Douro. O acto desenvolveuse na capela do Espaço Corpus Christi, un antigo convento restaurado como centro cultural, de singular beleza, e a el asistiron o vereador de Turismo, Mario Duarte, o de Cultura, e Carla Machado, en representación da presidencia da Asamblea municipal. A xerente de Turgalicia, Carmen Pita, tamén estivo no acto. Por parte da delegación carballiñesa, acudiron Xosé Manuel Dacal, Diego Fernández e Rosario González, concelleiros de Turismo, Cultura e Medio Rural, respectivamente, así como o portavoz do PP, Argimiro Marnotes, a concelleira Pilar Caride, e o portavoz do BNG, Francisco Ferreiro. Vítor Rodríguez agradeceu a deferencia das autoridades carballiñesas por terlle dedicado a 54 edición desta festa a Gaia, e avogou por promover o intercambio cultural e turístico entre ambas poboacións co obxectivo de difundir as excelencias, incluidas as gastronómicas, de cada unha entre as respectivas veciñanzas. Tamén propuxo colaborar para dar a coñecer o patrimonio histórico-artístico. Francisco Fumega dixo que tomaba en consideración a proposta do irmandamento e amosou o seu agradecemento tanto pola boa acollida das autoridades gaianas como pola posibilidade de promover a Festa do Pulpo do Carballiño na área metropolitana máis importante de Portugal, tras Lisboa.



■ *Carballiño presentou a Festa do Pulpo no centro cultural de Vila Nova de Gaia.*









# Galicia

Redacción OURENSE

## A LIV Festa do Pulpo do Carballiño adícase ás cidades da Eurorrexión

A Festa do Pulpo do Carballiño contará por primeira vez cun tríptico promocional escrito en cinco idiomas: inglés, francés, portugués, castelán e galego. "É un xeito de ir cara á consecución da declaración de Festa de Interese Turístico Internacional", según dixo o alcalde, Francisco Fumega, no acto de presentación do cartaz anunciador da 54 edición desta festa. Asistiron representantes das institucións, entidades e empresas patrocinadoras da festa, así como polo autor do cartaz, o deseñador e artista de colage Xesús Carballido. O alcalde anunciou que a Festa do Pulpo 2016 adícase ás vilas e cidades da Eurorrexión, con dous referentes principais: a cidade portuguesa de Vilanova de Gaia, que conforma a Área Metropolitana de Oporto, con máis de 300.000 habitantes, e Pontevedra, como capital das Rías Baixas. A presentación en Gaia será o día 1 de xullo, e a de Pontevedra o 15 de xullo. Ademáis, dixo que se ían desenvolver actos promocionáis noutras dúas cidades históricas portuguesas, como son Braga e Viana do Castelo. A Festa do Pulpo deste ano irá precedida dun intenso e longo programa cultural, deportivo e lúdico, con máis de cincuenta actividades diferentes que se desenvolverán ata o domingo 14 de agosto, data da celebración da romaría no parque municipal do Carballiño.

### Berce de pulpeiras

O programa ten un presuposto global de arredor de 120.000 euros. "Unha cifra moi baixa para a cantidade e calidade do programa de actos previsto ata o 14 de agosto", segundo dixo Francisco Fumega. O cartaz anunciador desta edición da festa reproduce ducias de rabos de pulpo, que é como unha alegoría ou "un efecto multiplicador deste símbolo da gastronomía do Carballiño, como é o pulpo á feira", asegurou o alcalde. Os rabiños van enmarcados en cadros que representan un mapa figurativo das vilas e cidades de Galicia e do norte de Portugal, e hai media ducia nos que están grabados os topónimos das cidades nas que se vai promocionar directamente a festa. Fumega dixo que "a Festa do Pulpo é unha das grandes manifestacións gastronómicas e festivas de Galicia e de España, e, despois de 54 anos, é xa un reclamo turístico de gran alcance non só para O Carballiño senón para a comarca, para a provincia e para Galicia". Por iso, abogou "por seguir potenciando a festa para atraer a máis visitantes e non só no mes de agosto".



■ O acto desenvolveuse no salón de sesións do Concello do Carballiño.

## O Carballiño impulsará unha rede termal


■ Vista exterior do Gran Balneario do Carballiño.

Francisco Fumega, alcalde do Carballiño, propuxo unha reunión do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular ao obxecto de impulsar a creación dunha rede termal no marco da Eurorrexión. Serán sete as vilas e cidades galegas convocadas, e outras seis de Portugal. Foron convocadas: Laias, Lobios, Mondaríz, Lugo, Ourense e Caldas de Reis, en Galicia, e Termas de São Jorge (Santa María dáFeira), Chaves/Vidago/Pedras Salgadas, Caldas dáSaúde (Santo Tirso), Taipas (Guimarães), Caldas de Aregos (Rosende) e Melgaço. Será a segunda reunión que terá lugar no Carballiño xa que en febreiro reuníronse na vila os concelleiros e técnicos de turismo das vilas e cidades que forman parte da organización. O Carballiño quere impulsar a promoción dos establecementos termais, aproveitando a sinerxia do Eixo Atlántico. As novidades termais que se están producindo na comarca coa construción do novo balneario de Partovia, a renovación das instalacións do Gran Balneario da vila e a mellora da zona termal de O Bañiño, de Arcos, esixe a toma de iniciativas para anticiparse a estes cambios e fortalecer a relevancia desta vila nos principais foros termais. A reunión no Carballiño está prevista para o 13 de setembro.

## Promoción do pulpo en Viana do Castelo

APraza da República de Viana do Castelo protagonizou o primeiro acto promocional da 54 Festa do Pulpo na Eurorrexión. O presidente da Cámara Municipal, José María Costa, o xerente do Eixo Atlántico, Xoán Mao, e o alcalde do Carballiño, Francisco Fumega, compartiron a presentación da festa ante un nutrido grupo de xornalistas e invitados. A delegación carballiñesa, formada polo alcalde e os concelleiros de Turismo e Cultura, foron recibidos na Cámara Municipal de Viana polo presidente, con quen se reuniron por espacio de media hora. José María Costa agradeceu a visita e a deferencia do Carballiño´pola dedicatoria, e sinalou que a cultura e as festas son manifestaciós que unen aos pobos e incrementan o atractivo turístico. Por isto, felicitou ao alcalde do Carballiño pola iniciativa, e desexou unha boa festa, confirmando que ía asistir á mesma.Pola sua parte, Francisco Fumega agradeceu o recibimento das autoridades municipais de Viana e convidou aos veciños a visitar O Carballiño e disfrutar da Festa do Pulpo, da que dixo que non había outra igual no mundo. Nestes mesmos termos referiuse ao arte dos pulpeiros e pulperías do Carballiño, cuxa presencia en Viana levanto uunha gran expectación nos medios de comunicación e turistas que se congregaron na Praza da República. Para corresponder á visita da delegación carballiñesa, a Cámara Municipal de Viana enviará o día da Festa do Pulpo, O 14 de agosto, un grupo de cabezudos cunha gran tradición nesta cidade para facer pasarrúas co acompañamento dunha banda de bombos, segundo anunciou a concelleira de Cultura, María José Guerreiro, que tamén acudirá áfesta.


■ O alcalde de Viana do Castelo recibíu á delegación carballiñesa.

Redacción OURENSE

# Termatalia recoñecida en Arxentina

A Feira Internacional Termatalia promocionouse en Arxentina onde participou no IV Foro e Workshop sobre Turismo de Benestar que organiza a Federación Empresaria Hostaleira Gastronómica da República Arxentina (FEHGRA). Ademais visitou a Provincia de Santiago do Estero, sede da feira en 2014, onde a gobernadora ratificou a participación da súa provincia en Termatalia México. A municipalidade de Termas e Río Fondo recoñeceu a proxección internacional que Termatalia outorgou e llegrazasa ser anfitriona da feira en 2014. Na mesa inaugural estivo presente Alejandro Rubín, o ministro de Turismo da Nación, Gustavo Santos, o presidente da entidade organizadora, Roberto Brunello o vicepresidente, Claudio Aguilar, e o presidente da Cámara Arxentina de Turismo, Óscar Ghezzi. Ao acto de inauguración tamén asistiu o conselleiro de Turismo da Embaixada de España en Arxentina, Horacio Díaz do Barco. O relatorio inaugural correu a cargo da directora de RelaciónsInstitucionais de Termatalia, Emma González, que expuxo ante profesionais do sector chegados de todos os puntos do país, as novas tendencias e a situación actual do Turismo de Benestar no mundo. Dentro do panel de conferenciantes atopábanse importantes prescriptores do turismo arxentino, así como representantes do Ministerio de Turismo de Arxentina e relatores de España e doutros países como Uruguai.

## Termatalia México

Dentro do programa de conferencias reservouse un espazo para a presentación de Termatalia México-Coahuila, a cal realizou o director da feira, que estivo acompañado pola representante do consello de promoción turística de México en Arxentina, o secretario da delegación da Xunta de Galicia en Buenos Aires, Manuel Cao, a delegada de Termatalia para Arxentina, Teresita Van Strate, e Claudio Aguilar en calidade de presidente da comisión de Turismo da Fehgra. A Federación Empresaria Hostaleira Gastronómica da República Arxentina é a entidade encargada de representar toda a actividadehostaleira e gastronómica do Estado. Desde hai anos Expourense e Fehgraveñen colaborando en favor de fomentar e desenvolver o turismo de saúde no país, o que permitiu, por exemplo, a celebración de Termatalia en Arxentina en 2014. Esta entidade agrupa a máis de 50.000 establecementos gastronómicos e hostaleiros de todo o país, nucleados en 63 filiais. A gobernadora de Santiago do Estero, Claudia de Zamora, mantivo un encontrocos directivos de Termataliaquen estivo acompañados polo subsecretario de Turismo, Ricardo Eslamiada. Durante esa reunión perfiláronse as estratexias de futuras accións de colaboración para continuar cooperando entre ambas as entidades na potenciación do turismo termal. Nesta provincia atópase Termas de Río Fondo, que é un dos destinos termais por excelencia do país. Despois da reunión o director da feiracomentou que "vimos o desenvolvemento que está a ter o turismo de saúde na provincia desde que foi sede de Termatalia, e desde aí, vimos por ondevai o futuro". Alejandro Rubín taménremarcou a importancia de continuar traballando en conxunto, "falamosmoito de Termatalia e de relacionarnos, por tanto, a través do evento, xasexa a través de facer simposios ou organizar xornadas de capacitación, ese é o compromiso que temos".



■ *Emma González e Alejandro Rubínno IV Foro e Workshop sobre Turismo de Benestar.*

## Termas de Río Fondo

A municipalidade de Termas de Río Fondo recoñeceu o labor de promoción internacional que fixoTermatalia para situar mundialmente o seu destino de turismo de saúde ebenestar dentro deste mercado. Dentro destaxira promocional pola provincia arxentina, os representantes de Termataliareuníronse con empresarios de Termas de Río Fondo para intercambiar inquietudes do sector privado ao redor da participación na Feira Internacional. Nesta reunión taménestiveron presentes o intendente da cidade, Miguel Mukdise, e membros da Cámara Hostaleira Gastronómica de Termas de Río Fondo. Termataliacedeu á provincia a exposición Termalismo no Século XXI do autor e arquitecto Josep Sánchez Ferré. Nestamostrareúnenseimaxes de 30 destinos termais de 4 continentes, na que están presentes modelos arquitectónicos de Ourense, de toda Galicia e Arxentina, entre outros países.

# Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

A Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia presentou a programación da súa trixésima segunda edición, que se desenvolverá do 15 ao 24 de xullo coa participación de 20 compañías procedentes de Lituania, Francia, Arxentina, Chile e diferentes puntos de Galicia e do resto de España. Ademais de reforzar a súa dimensión internacional, este ano o encontro concederá un especial protagonismo ás olladas femininas a través dos traballos de actrices como a arxentina Laura Nevole, a madrileña Eva Rufo, a sevillana Carmen Gallardo e as galegas Mabel Rivera, Belén Constenla e Patricia de Lorenzo. O encontro volve contar co apoio, entre outras entidades, da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic). O seu director, Jacobo Sutil, participou xunto co alcalde de Ribadavia, Ignacio Gómez, e o director artístico da MIT, Roberto Pascual, na presentación que tivo lugar na Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela, e na que se detallaron os principais eixos desta carteleira. A Xunta de Galicia mantén a súa achega de 60.000 euros a través dun convenio de colaboración asinado co Concello de Ribadavia, mediante o que se recoñece o carácter histórico da mostra, así como a súa capacidade para se adaptar tanto ás demandas do público como ás propostas escénicas do século XXI. Así o explicou o director da Agadic, quen subliñou así mesmo o labor da MIT no ámbito da produción, que se materializará na coprodución galego-portuguesa de O conto de inverno, de William Shakespeare, baixo a dirección de Marcos Barbosa e coa participación do Centro Dramático Galego. Este espectáculo, que ten prevista a súa estrea no mes de outubro en Aveiro, poderá verse en Ribadavia en 2017. A memoria, a violencia, a palabra e a arte son os principais eixos temáticos ou motivos recorrentes a partir dos que a organización da MIT deseñou a súa programación de 2016, na que un dos pratos fortes será a presentación en Galicia do traballo de Oskaras Koršunovas, director do Teatro Municipal de Vilna, en Lituania. Koršunovas dirixe a posta en escena de 'A gaivota', de Chejov, espectáculo xurdido a raíz dos laboratorios desenvolvidos tanto no seu espazo como no Colexio de Teatro da Bienal de Venecia. Nesta oferta internacional, destaca tamén a mestura de cómic, vídeo e teatro da veterana formación chilena TeatroCinema, dirixida por Juan Carlos Zagal, que chegará a Galicia coa montaxe Historia de amor. A escena galega continuará tendo unha importante presenza nesta carteleira, que este ano concede un especial protagonismo a Matarile Teatro con motivo do seu trixésimo aniversario. A compañía de Ana Vallés e Baltasar Patiño exhibirá en Ribadavia El cuello de la jirafa, Teatro invisible e Antes de la metralla. Esta última proposta está pensada como un encontro escénico entre diferentes profesionais do panorama artístico estatal, que se concretará nun espectáculo aberto e en evolución para se adaptar aos espazos e festivais nos que se presente trala súa estrea en Ribadavia. A MIT celebrarase en varios puntos do Concello: Auditorio do Castelo, Casa da Cultura, San Cristovo, Sampaio, Francelos e nas rúas de Ribadavia. As principais actividades serán: obras teatrais e diversos espectáculos escénicos de compañías galegas, nacionais e internacionais; entrega do Premio de Honra "Roberto Vidal Bolaño" ao mérito nas artes escénicas; concurso Premio Abrente de Textos Teatrais e Foro MIT Ribadavia, encontro co sector profesional das artes escénicas de Galicia.




■ *A Mostra de Teatro de Ribadavia presentouse en Santiago.*

# Galicia

Redacción OURENSE

## Foz de Iguazú e Brasil involúcranse con Termatalia

Termatalia promocionouse na 11ª edición do Festival de Turismo de Cataratas, en Foz de Iguazú (Brasil). É o certame máis grande do sector que se celebra ao sur do país e que congrega a miles de axentes de viaxes e xornalistas de Arxentina, Paraguai e Brasil. O director de Termatalia, Alejandro Rubín, foi convidado a tomar parte no acto de inauguración do Festival brasileiro. A próxima edición de Termatalia México tamén se promocionou neste mercado a través dunha caseta, que foi visitada por numerosos profesionais do sector. O Festival de Turismo de Cataratas tivo lugar no Hotel Rafain Palace Hotel & Convention. Alejandro Rubín afirmou que Foz de Iguazú é un destino modelo en experiencias sustentables en turismo, e especialmente vinculado á "cultura da auga" e estilos de vida saudables. O director executivo da Organización Mundial do Turismo (OMT), Márcio Favilla, sinalou que 3 dos 17 obxectivos do desenvolvemento sustentable enumerados polas Nacións Unidas fan referencia a participar de forma explícita no turismo. "É unha oportunidade para mostrar o valor do turismo como instrumento de desenvolvemento social, económico e ambiental", agregou. Tamén participaron o presidente de Embratur, José Antonio Silva Parente; o director xeral de Itaipú Binacional, Jorge Samek; o presidente do Sistema Fecomércio-PR, Darci Piana; o secretario de Turismo de Paraná, Douglas Fabrício, e o alcalde de Foz de Iguazú, Reni Pereira.

### Recoñecemento

A programación do Festival de Turismo Cataratas comezou coa entrega do tradicional Trofeo Cataratas e o Trofeo Amigo do Festival, creado pola Asociación de Xornalistas de Turismo de Paraná (ABRAJET-PR) para honrar a personalidades que contribuíron ao desenvolvemento do sector no Estado. As obras de arte foron creadas polo escultor Luiz Antonio Gagliastari.A organización entregou o trofeo "Amigo do Festival" a cinco personalidades: Márcio Favilla, director executivo da Organización Mundial do Turismo (OMT); José Antonio Silva Parente, presidente de Embratur; Mozo Brasileiro, representante do estado e presidente da Comisión de Turismo da Asemblea Lexislativa de Paraná; Alejandro Rubín Carballo, director de Termatalia e Fabio Lazzerini, xeólogo e presidente de Alath, ademais de delegado de Termatalia para Brasil. Na categoría Trofeo Cataratas foron honrados o ex gobernador Paulo Pimentel, que creou o Paranatur en 1969; Darci Piana, o presidente do sistema de PR Fecomércio-; o ex alcalde de Curitiba e ex gobernador, Jaime Lerner; e o xornalista Rosy Sá Cardoso, fundador e editor do primeiro caderno de turismo de Paraná.

### Cata de augas

Este ano, o Festival de Turismo das Cataratas contou coa presenza de máis de 6.000 participantes e 207 casetas ocupadas por máis de 600 marcas, destinos e atractivos turísticos. Visitaron a caseta de Termatalia a ministra de Turismo de Paraguai, Marcela Bacigalupo, o director executivo da OMT, Marcio Favilla, ou o director de Comunicación de Itaipu Binacional, Gilmar Piolla, entre outros. No FIT Cataratas os directivos de Termatalia mantiveron encontros de traballo con diversos destinos termais de Brasil, entre eles, Poços de Caldas no Estado de Minas Gerais ou Termas de Piratuba en Santa Catarina. Tamén con expositores habituais como o propio Turismo de Foz de Iguazú e o produto cosmético Auga Termal de Cataratas, a estancia Radioclimática de Guaraparí (Espírito Santo), a auga Bioleve de Lindoia (Sao Paulo), ou o lodo Lama Negra (Sao Paulo). Termatalia organizou unha cata de augas comentada a cargo de Tyales Veiga, que foi campión galego de catadores no 2012 e actualmente exerce como xefe de alimentos e bebidas no Hotel Recanto Cataratas de Foz de Iguazú, un destino sustentable e vinculado á auga de referencia. Este destacado profesional formará parte do xurado internacional da Cata de Augas de Termatalia México 2016




■ *Emma González coa delegación de Minas Gerais.*




# Allariz comercializa a carne de boi

*O Concello de Allariz iniciou a campaña de comercialización de Carne de Boi de Allariz. Os locais hostaleiros alaricanos adheridos ao programa ofrecerán carne de boi de Allariz nas súas cartas. Ademais ofrécese a venda directa no Mercado da Reserva que se celebra todos os sábados pola mañá na antiga Praza de Abastos da vila. Dous exemplares de 450 quilos cada un, cebados durante un ano en Allariz, veñen de ser sacrificados para que tanto alaricanos como visitantes poidan degustar a súa carne, recoñecida polas súas especiais características gastronómicas. O proxecto de cría e comercialización de carne de boi de Allariz naceu no ano 2011 co obxectivo de recuperar a base territorial e facer explotacións produtivas, previr os incendios e apoiar á hostalería ofrecendo un produto de calidade. Este plan de dinamización permite, este ano, a comercialización de 12 exemplares criados en Allariz, que serán sacrificados progresivamente para ser degustados, a meirande parte, nas Xornadas de Degustación de Carne de Boi de Allariz, do 30 de setembro ao 16 de outubro.*



■ *Doce exemplares de bois serán sacrificados para ser degustados.*

# Sabores de festa en Ourense



■ *Comensais nos xardíns do Bispo Cesáreo.*

*A cita coa mellor gastronomía chegou ás festas de Ourense da man da segunda edición de "Sabores de Ourense", coas tapas e petiscos nos xardíns de Bispo Cesáreo. En catro carpas ofrecéronse diversos produtos. Unha estivo especializada en comida para levar, outra ofreceu unha ampla variedade de petiscos e tapas típicas; unha terceira estivo dedicada en produtos á prancha e a última en polbo de A Feira, lacón e pratos tradicionais.*

# Os callos do Fuentefría

*A produtora Faro enviou a Ourense a parte do equipo de Larpeiros para facer chegar a cociña aos afeccionados, e a través do humor, as curiosidades e os bocados lixeiros de información, a outros públicos máis amplos. Larpeiros é un programa que emite a Televisión de Galicia no que a comida é tamén un pretexto para pasar na tele un tempo divertido. Para os galegos producir alimentos, vendelos ou mercalos, cociñalos e comelos son actividades cun marcado carácter social. A TVG comparte esas actividades dándolles un aire festivo. Ese carácter da cociña e da comida -comer e falar do que comemos- é o punto de partida para un programa que ten receitas, pero trata sobre todo da relación das persoas coas cousas de comer. Por iso Larpeiros non propón un programa de cociña senón un programa sobre xente que cociña, e como se divirte facéndoo. Neste senso, Pepe Callos, do bar Despensa do Fuentefría interviu neste programa falando do que mellor saber facer: os callos. Así lle lo explicou a Adrián que quedou abraiado.*



■ *Pepe e Adrián degustando callos e mencía Adega Vella da Ribeira Sacra.*






# Novas das Empresas

## Regina Viarum, o mellor Mencía de España



Adegas Regina Viarum consegue novamente os maiores recoñecementos para os seus tintos Regina Viarum Mencía e Regina Expresión, obtendo Medalla de Ouro e Commended, respectivamente. Ademais de entre todas as medallas de ouro entregadas o certamerecoñece a Regina Viarum Mencía como a “Mellor Mencía de España”ao ser elixido como Trophy na súa categoría, premio que o sitúa entre os sete mellores tintos de España.Máis de 200 prestixiosos catadores internacionais avaliaron a totalidade de viños participantes de máis de 50 países do mundo esta edición dos International Wine Challenge de Londres. Ademais, Adegas Regina Viarum acaba de obter o recoñecemento de Q de Calidade pola Xunta de Galicia, o que certifica que pasou unhas estritas auditorías que aseguran que a súa prestación de servizo é garantía de calidade, seguridade e profesionalidade. Isto supón un aval á traxectoria da adega como referente eno turístico da zona e con máis de 13.000 visitas ao ano, sendo a única empresa do sector vitivinícola de Lugo que alcanza esta certificación.Regina Viarum Mencía, da denominación de orixe Ribeira Sacra,subzona de Amandi, é un tinto monovarietal da mellor selección de uva Mencía dos viñedos propios da adega. A situación inmellorable dos viñedos nas ladeiras do río Sil permite a perfecta maduración das uvas e garante a conservación das técnicas de cultivo milenarias, descubrindo así en cada uva todo o sabor da viticultura heroica. A tradición así como as máis eficientes técnicas vinícolas conseguen resaltar ao máximo os aromas do varietal deste gran caldo

## Altos de Torona, premios Bacchus de ouro e de prata

Os viños brancos Rías Baixas, sub zona do O Rosal, de Adegas Altos de Torona, conseguironos mellores resultados no XIV Concurso Internacional de Viños organizado pola Unión Española de Catadores situándose entre os viños mellor valorados da denominación de orixe Rías Baixas. Bacchus de ouro para Altos de Torona Albariño 2015, e Bacchus de prata para Tollodouro 2014, nunha das máis prestixiosas competicións vinícolas internacionais do calendario anual. Máis de 80 catadores nacionais e internacionais avaliaron a totalidade de viños participantes na décimo cuarta edición dos Premios Bacchus celebrada en Madrid. Un xurado de primeiro nivel composto por unha selección de líderes de opinión da escena vinícola internacional e co aval que proporciona a Organización Internacional da Viña e o Viño (OIV) e a Federación Mundial de Grandes Concursos de Viños e Espirituosos (VINOFED), son garantía do rigor e independencia dos premios Bacchus 2016 que este ano recoñeceron a Altos de Torona e Tollodouro de entre máis 1.500 viños de todo o mundo. Altos de Torona, é un brancomonovarieralcompostopolasmellores uvas Albariño. A situación inmellorable dos viñedos en Tomiño permite a perfecta maduración das uvas, así como o chan granítico e moi permeable consegue resaltar ao máximo os aromas varietales deste gran caldo. Tollouros é un branco plurivarietal composto polas mellores uvas Albariño, Loureiro e Treixadura.



## Posada Marron Glacé, Medalla de Ouro da Calidade

A empresa familiar Pousada Marron Glacé foi galardoada coa prestixiosa Medalla de Ouro do Instituto Mundial da Calidade Monde Selection, pola pasta de castaña que elabora e comercializa en Xapón, seguindo os procesos da súa factoría ourensá, coa utilización de castañas como ingrediente. José e María Posada, netos dos fundadores da compañía e fillos do empresario José Posada que universalizou o consumo de castañas e converteu este froito nun produto gourmet, recibiron o galardón nunha cerimonia que se celebrou o 30 de xuño en Budapest (Hungría). Monde Selection é unha organización recoñecida internacionalmente que desde a súa fundación, en 1961, dedícase a probar produtos de consumo e outorgarlles un diploma de calidade de bronce, prata, ouro e gran ouro en categoría que inclúen bebidas, confeitería, produtos saudables e cervexas, entre outras.



## Polbo do Carballiño en Asturias

A tradición e bofacer das pulpeiras de Arcos (O Carballiño) disfrutase en Ourense desde o ano 2014 na casa de comidas tradicionais A Feira, que ofrece unha carta baseada nos produtos de calidade, con provedores seleccionados. Dispoñen de polbo tamaño T2 (3-4 quilogramos) e carnes vermellas de excelente calidade, procedentes do provedor exclusivo Carbuga. A empresa Feira Galega, S.L. abriu no 2015 outroestablecemento no número 4 da rúa Carbayón de Oviedo e logo na rúa San Bernardo, 23 de Gijón. Este ano abriuoutro local en Gijón na afamada Praza del Carmen, concretamente en Calle del Hórreo, 3. Tamén desde xuño ofrece o seus productos na rúa Irmáns Villar, 15 de Ourense.



■ *Francisco Gómez González, mestre polbeiro.*

## Adega Vella primeiro premio na cata en Euskadi

As adegas acollidas ao Consello Regulador Ribeira Sacra participaron un ano máis na XVI Cata Concurso de Viños Tintos Galegos que se celebrou en Bilbao o 18 de xuño con motivo da celebración do XXXI Día de Galicia en Euskadi, organizada pola Irmandade de Centros Galegos en Euskadi e na que o panel de cata estivo formado por 9 catadores da Asociación Euskadi de Catadores. Os tres primeiros premios foron outorgados a viños da Ribeira Sacra. Na cata participaron un total de 32 viños de todas as denominacións de orixe de Galicia. Os premiados son: primeiro premio: Adega Vella Mencía 2015, da adega Jorge Feijóo González, da Teixeira (Ourense). Segundo premio: Albaduxe Mencía 2015, da adega Albarduxe S.C. de Chantada (Lugo). Terceiro premio: Porvide, Mencía 2015, da adega Aceiroga S.L. de Quiroga (Lugo). Os catadores destacaron a alta calidade dos viños galegos e especialmente os de Ribeira Sacra que obtiveron un éxito rotundo.



■ *Marisol e Jorge propietarios de Adega Vella de Abeleda (A Teixeira).*

VILAGARCÍA DE AROUSA

# “Revenidas, un festival referencia”

## O Alcalde de Vilagarcía, Alberto Varela, definiu con estas palabras unha das citas imprescindibles do verán nas Rías Baixas e en Galicia Na presentación oficial do Revenidas16 destacouse a dimensión e a calidade dunha programación moi completa durante os días 19 e 21 de agosto




A Praia do Preguntoiro, condecorada con bandeira azul e situada no porto mariñeiro de Vilaxoán, en Vilagarcía de Arousa, foi o lugar escollido para a presentación oficial da 13 edición do festival Revenidas. Esta praia atópase no entorno onde se celebrarán máis de 30 concertos, os principais de pago, e ao redor de 40 actividades de balde para todos os públicos. Moitas son as novidades da edición máis completa do Festival das Línguas, con gastronomía, circo, feira de creatividade e artesanía, obradoiros, o Xoubiñas Festi para os máis pequenos, solidariedade e compromiso reflectidos no logotipo desta edición deseño do autor gráfico David Lages. E por suposto música, moita música. As persoas asistentes ao Revenidas16 poderán escoitar cancións en galego, castelán, catalán, euscara, inglés, portugués, austriaco, ruso, rumano ou italiano.

O alcalde de Vilagarcía, Alberto Varela, agradeceu “a todas as persoas que se implican e ás autoridades que fan posible que isto sexa unha realidade. Este é un festival que xa é unha referencia. E a vila mariñeira de Vilaxoán polo carácter da súa xente é un atractivo propio para asistir ao festival”.

A Deputación de Pontevedra promotora dos Festivais Rías Baixas, a marca que acolle aos 7 principais festivais da provincia no que se inclúe Revenidas, estivo representada pola súa presidenta Carmen Silva Rego. “O mellor que temos as persoas e as Administracións Públicas son as ideas. Aquí, celebramos esta gran idea que pon en valor a cultura que nos fai únicos e representa un gran atractivo que só nós somos” argumentou Carmen Silva, que engadiu: “Revenidas pon en relevo a língua e a nosa cultura, a música, pero tamén o encontro, a convivencia e uns espazos tan fermosos abundantes en Vilagarcía e en moitos lugares do Salnés”.

O director de AGADIC, a Axencia Galega das Industrias Culturais, Jacobo Sútil admitiu que “para min é unha alegría participar na presentación dun evento no que vimos colaborando nos últimos anos, como outros eventos nos que colaboramos e que veñen dinamizando a industria cultural en Galicia. Revenidas constitúe unha simbioxe perfecta entre a cultura popular máis a tradición e a modernidade, un festival aberto ao mundo”.

Sonia Outón, concelleira de Cultura de Vilagarcía, destacou que “Revenidas é máis que un festival, é música, cultura propia, solidariedade e gastronomía”. Ademais nesta edición haberá actividades vencelladas ao ano Castelao, intervencións plásticas, contos e obradoiros. O deputado Cultura Deputación Pontevedra Xosé Leal suliñou o compromiso do Festival “coa nosa língua, referencia para outros festivais”.

Por parte da organización falou Xoan Quintáns que destacou “a completa programación de actividades para todos os públicos, nun entorno que convida ao disfrute do mar, gastronomía, música e amizade”. Por segundo ano consecutivo, Mahou continúa coma un dos principais patrocinadores do Festival As Revenidas. Nesta ocasión, ademáis do Escenario Mahou, a marca contará cunha Zona Mahou onde se desenvolverán distintas actividades que completarán a oferta de lecer de Revenidas16 e onde os asistentes poderán disfrutar das cañas mellor tiradas. Una colaboración que se enmarca en la apuesta de Mahou polo lecer e entretemento innovador.




Xoán Quintáns lembrou que o festival arrinca este venres 1 de xullo a partir das 21:30 na praza da Peixeria en Vilagarcía coa final do III Concurso de Grupos Emerxentes Revenidas. Unha actuación no que tocarán as bandas viguesas Lamprea Explosiva e Os Vacalouras, Leda Atómica de Cambados, Canto Crú de Vilagarcía e Skalingrado de Ourense. Os grupos optarán a algún dos dous premios do concurso.

O prezo dos bonos para os tres días estará a 30 euros ata o 1 de xullo. Posteriormente irán aumentando a cantidade. A programación completa do festival e algunhas sorpresas por anunciar daranse a coñecer na web do festival. www.revenidas.com

Entre as bandas destacadas, unha das mellores bandas balcánicas de todos os tempos Fanfare Ciocarlia, un dos rapeiros máis importantes da música brasileira da última década Gabriel O Pensador, a diversión e o ska dos italianos Talco, o rock reinvidicativo dos existosos La Raíz ou a contundencia e diversión da actual banda austriaca con máis repercusión internacional Russkaja.

### A programación de concertos de pago complétase con:

Venres 19 agosto: Gabriel O Pensador, Itaca Band, Juantxo Skalari & La Rude Band, Malandrómeda, Familia Caamagno, Poetarras , Brinkadelia Troupe, Dj Crebinsky,

Sábado 20 agosto: Fanfare Ciocarlia, Talco, O Sonoro Maxín, Aspencat, Falperrys, La Kimbala Rumba Style, Dj Pimp

Domingo 21 agosto: La Raíz, Russkaja, Zoo, Cuchufellos, Tres Trebóns, Ezetaerre, Delombaos, Gañador Concurso Emerxente Rías Baixas

REDONDELA

# Presentacion proxecto Viagalicia entre zona franca e asociación empresarios de Redondela

## o prazo para presentar solicitudes de novos proxectos empresariais e emprendedores está aberto ata o 15 de xullo

O presidente da Asociación de Empresarios de Redondela, D. Enrique Lago, acompañado polo Alcalde de Redondela, D. Javier Bas, presidiron un acto de divulgación do proxecto VIAGALICIA que contou coa presenza da Delegada do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo,Dna. Teresa Pedrosa e a Directora de Promoción Económica,Dna. Rosa Eguizábal que achegaron aos empresarios de Redondela este proxecto de aceleradora de empresas, que dará soporte e asistencia na súa fase inicial a empresas e emprendedores. Calquera novo proxecto empresarial posto en marcha recentemente ou idea de empresa pode presentar a súa candidatura para ser incluído no programa de aceleración ata o 15 de xullo.

ViaGalicia é un Programa promovido polo Consorcio Zona Franca de Vigo e a Xunta de Galicia, que ten como obxectivo a aceleración de proxectos empresariais innovadores e invertibles. Os interesados poden acceder a toda a información do proxecto a través da web de Zona Franca (http://www.zfv.es/viavigo/index.php?option=com_content&task=view&id=72&Itemid=36&idth5=117).As empresas da localidade tamén terán toda a información dispoñible na sede da Asociación de Empresarios de Redondela.

Teresa Pedrosa, reiterou o seu compromiso coa localidade e explicou algunhas das liñas nas que se ven traballando co concello de Redondela. Tanto o Concello de Redondela como Zona Franca manifestaron a importancia de contar coa implicación dos empresarios da localidade a través da Asociación de Empresarios de Redondela.

Eva López, Coordinadora de Transparencia do Concello de Redondela, presentaron a Sede Electrónica e Portal de Transparencia do Concello. Esta sede Electrónica é un medio a través de que os redondeláns poden exercer o seu dereito de acceso á información, aos servizos e aos trámites electrónicos do Concello. Desde esta plataforma, empresarios e cidadáns poderá efectuar trámites ou realizar consultas sen ter que asistir presencialmente ás oficinas municipais, tamén aquelas relativas aos tramites administrativos da posta en marcha de novos negocios. Dado o interese de divulgación destes servizos se realizarán novas sesións exclusivas para explicar os procesos accesibles e a súa metodoloxía a través desta plataforma.



# Novas da Raia

**AS NEVES** | Por Juan Louzán / Fotos: Hernández

# Santa Marta de Ribarteme ilumina, inspira e cautiva aos seus fieis



Santa milagreira que emociona con tanta profundidade aos seus crentes ata producir desmaios nas misas e procesións. Os momentos culminantes chegan cando as persoas curadas dunhadoenza ou accidente de traballo, tráfico ou na propia casa, saen do túnel dunha morte caseasegurada. Non sempre todo bo fin ten bocomezo, senón todo o contrario. Cada desgracia descuberta polos especialistas, implica un calvario de padecementos, tratamentos médicos, cuidados e agarimos profundos e continuados. Moitos de longaduración, paciencia, entrega e fepersoal e divina.

Cando o enfermo ou accidentado mostra xa unha clara sintonía coa boa saudade, os familiares non tardanen cumprir coaspromesas feitas a Santa Marta, porque o milagrese produciu para alegría do paciente e de todos os seus familiares. Enmoitos casos celébranse as novenas, misas e procesións cando o enfermo aínda está convalecente e non pode acudir áromería por carecer das forzasnecesarias, un dos familiares máis achegados ofrécese para mostrar o seu agradecemento á Santa ocupando uncadaleito para desfilar na procesión cunha emoción e dor dignas de exemplo humano.

Desgraciadamente non sempre a persoa querida se salva e os seres máisqueridos nalgúns casos teñen estímulos suficientes para representar o enfermo desaparecido. Pero simostran a fidelidade a santa Marta.Certo que o evento máis valorado é a procesión cos cadaleitos ocupados polas persoas curadas ou salvadas ou tamén por algún familiar dereito na súa memoria. Destácasetaména chegada de moitos turistas para contemplar e disfrutar da romaría a Santa Marta de Ribartemeconxantares de empanadas de sardiñas,galiñas, atún e variados produtos da terra. Non falta o boviño galego, e polas noites, baixo o estrelado do ceu do Baixo Miño, sobre os prados arredor da Igrexa, unha queimada con embruxo que ronca o carallo. Os romeiros pasan o día e a noite cantando e recitando versos á Santa cunha profundidade poética e humana verdadeiramente inolvidable. É tan famosa esta Romaría que se pode coñeceren todas as guías turísticas, webs e blogs internautas. A Ermida é coñecidaen todo o mundo. É digno de destacar que as imaxens de Santa Marta en madeira tallada e policromada, máis a tallaen pedralabrada por un escultor alemánsondoazónsdun fiel á santa. Asimesmo a doazón da imaxe da Virxen da NosaSeñora da Almu-




dena, fai apenas dous anos. Queda constancia do traballo impulsor, creativo e relixioso dos fieis de Santa Marta, da súa fe e dos seus milagres, dando vida e popularidade a parroquia, ao Concello ao mundo do turismo nacuional e internacional .

É xa unha tradición gozar de dita Romaría. Vivila dá longos anos de vida.





MONÇÂO

# "Redes em Festa" juntou mais de 700 idosos do Vale do Minho



As Termas do Peso, em Melgaço, foram palco, na passada quinta-feira, 30 de junho, de mais uma edição do "Redes em Festa", encontro de idosos das instituições particulares de solidariedade social do Vale do Minho. Monção participou com cerca de uma centena de idosos da Associação "Censo" e dos centros sociais e paroquiais de Barbeita e Merufe. Com a presença do Vereador das Atividades Socioculturais, Paulo Esteves, o programa começou às 10h00 com as apresentações das redes sociais dos vários concelhos da região, seguindo-se um almoço-convívio entre idosos, técnicos e auxiliares das redes sociais concelhias e das instituições sociais participantes.

O início da tarde preencheu-se com animação proporcionada por um grupo de concertinas e dança. Pela 16h00, lanche convívio e regresso à terra após, como sublinhou Paulo Esteves, um dia diferente pautado por momentos solidários e divertidos. "Estas iniciativas são fundamentais para a sociabilização destes idosos. A nossa obrigação é proporcionar-lhas porque a felicidade estampada nos seus rostos merece a nossa total disponibilidade" acentuou

A iniciativa "Redes em Festa" realiza-se desde 2004 com o objetivo de promover o convívio e a confraternização entre os idosos dos vários concelhos participantes: Melgaço, Monção, Valença, Vila Nova de Cerveira e Paredes de Coura. Este ano, a organização esteve a cargo da Rede Social de Melgaço, envolvendo mais de 700 idosos.



# Dar vida à praça



A autarquia monçanense volta a promover, durante o mês de julho, a iniciativa "Dar Vida à Praça". Esta consiste na dinamização do centro histórico da vila através da atuação de agrupamentos musicais e grupos de dança locais, na Praça Deu-la-Deu Martins, todas as sextas-feiras.

A iniciativa, que entra na terceira edição consecutiva, inicia-se esta sexta-feira, 8 de julho, com atuação da Associação Cultural Lá-Mi-Ré, seguindo-se, no dia 15, a Banda Juvenil da Casa do Povo de Tangil e, no dia 22, a Associação de Desenvolvimento Cultural e Artístico de Monção "All Styles". A iniciativa termina no dia 29, com o Grupo de Ginástica "Bela Form`s", da Bela.

Além de promover o associativismo local, com a valorização dos grupos concelhios, "Dar Vida à Praça" pretende assumir-se como mais um motivo para munícipes, emigrantes e turistas desfrutarem do casco urbano monçanense ao ritmo de uma oferta musical diversificada. Todas as atuações têm início às 22h00.

# Férias divertidas com muita animação e criatividade

Iniciativa, promovida pela Comissão de Protecção de Crianças e Jovens de Monção, em colaboração com a autarquia local, decorreu entre 13 de junho e 8 de julho, das 9h00 às 12h00 e das 14h00 às 17h00. No último dia de cada grupo, encarregados de educação assistiram a peça de teatro produzida pelas crianças.

A Comissão de Protecção de Crianças e Jovens de Monção, em colaboração com a autarquia local, levou a efeito,entre 13 de junho e 8 de julho,das 9h00 às 12h00 e das 14h00 às 17h00,as"Férias DivertidasVerão 2016", cujos destinatários foram cinquenta crianças do concelho com idades compreendidas entre 6 e 12 anos.

Esta iniciativa, habitual nesta época do ano, teve a duração de dez dias úteis para cada grupo, realizando-seatividades lúdicas no Parque das Caldas, Zona de Lazer de Pinheiros, e Piscina Municipal de Monção, bem como deslocações ao Centro de Estágios de Melgaço e Lamas de Mouro.

Nestes dias, preenchidos com muita animação e criatividade na mesma dose, as crianças envolveram-se ativamente em jogos de expressão corporal, construção de marionetas, personalização de t-shirts e criação/apresentação de peças de teatro, no auditório da Escola Profissional de Monção.

O primeiro grupo apresentou-se em palco com "O elevador" e, o segundo grupo, com "História de uma longa viagem". Ascrianças foram responsáveis pelo guião, figurinos e encenação das referidas peças de teatro apresentadas aos encarregados de educação no último dia da atividade.

Inscrita no plano de ação da Comissão de Protecção de Crianças e Jovens de Monção,as "Férias Divertidas Verão 2016" tiveram como objetivo assegurar o preenchimento dos tempos livres das crianças de uma forma entretida, pedagógica e segura, oferecendo-lhes dias enriquecedores e saudáveis



# Novas da Raia

VALADARES

## Festa do Foral de Valadares

**Dias pasados celebrouse no Parque de Merendas da Senhora da Abadia, a União de Freguesias de Messegães, Valadares e Sá assinala data com leitura e teatralização do foral num momento de afirmação identitária da comunidade local**




Com organização da União de Freguesias de Messegães, Valadares e Sá, comemora-se, ese domingo, 10 de julho, o Foral da Terra de Valadares, datado de 1 de julho de 1317, no Parque de Merendas da Senhora da Abadia.
Neste espaço aprazível e natural próximo do rio Minho, houbo leitura e teatralização do Foral num momento de afirmação identitária da comunidade local. A encenação foi de Ilídio Castro com o apoio da Filarmónica Milagrense.
Situada geograficamente entre Monção e Melgaço, Valadares é, segundo o historiador Pinho Leal, uma das mais antigas povoações da região minhota, beneficiando de foral no dia 1 de julho de 1317, confirmado depois, em Santarém, a 12 de julho de 1487.
Em 1 de junho de 1512, o Rei D. Manuel viria a outorgar-lhe foral novo, desta vez, na cidade de Lisboa. Teve este concelho, ao longo dos séculos, vários donatários, entre os quais, um nobre oriundo da Galiza de seu nome Soeiro Arias de Valadares.
No dia 24 de outubro de 1855, o concelho de Valadares foi extinto e as suas freguesias repartidas pelos concelhos de Monção e Melgaço. Nesta Festa do Foral, pretende-se relembrar o papel e a importância deste território no contexto nacional e transfronteiriço.




## Valadares: vestígios com máis de 200 mil anos

**Equipa de investigadores portugueses e espanhóis, coordenada pelo Prof. João Pedro Cunha Ribeiro, da Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa, acredita estar perante uma das mais relevantes estações do paleolítico a norte do rio Douro. Utensílios descobertos (machados de mão, bifaces e lascas) serão objeto de inventariação e divulgação. Resultado dos trabalhos arqueológicos serão publicados em revistas nacionais e internacionais.**

No âmbito do projeto transfronteiriço "Os primeiros habitantes do baixo Minho. Estudo das ocupações pleistocénicas da região", iniciaram-se, no passado dia 27 de junho, trabalhos de arqueologia no Lugar da Bemposta, em Valadares, com a presença de investigadores portugueses e espanhóis e oito estudantes do curso de arqueologia da faculdade de Letras da Universidade de Lisboa.
A equipa envolvida nos trabalhos fez um primeiro balanço e apresentou diversos utensílios arqueológicos com mais de 200 mil anos descobertos no decorrer da prospeção: machados de mão, bifaces e lascas. Estes utensílios, que constituem testemunhos interessantes e inéditos sobre a ocupação primitiva do baixo Minho, são entendidos pelos especialistas como emblemáticos e representativos da presença do homem do paleolítico inferior nesta região. Por outras palavras, testemunham a chegada do homem a estas paragens há mais de 200 mil anos.
O Prof. João Pedro Cunha Ribeiro, da Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa, acredita estar perante uma das mais relevantes estações do paleolítico a norte do rio Douro que pode revelar um conjunto de dados valiosos sobre as primeiras ocupações de humanos no baixo Minho.
Os utensílios descobertos nesta pesquisa arqueológica serão agora objeto de inventariação, apresentação aos responsáveis do património nacionale divulgação pública. Os resultados dos trabalhos arqueológicos serão publicados em revistas nacionais e internacionais.
Presente no local, o autarca monçanense, Augusto de Oliveira Domingues, agradado com a lição de pré-história, realçou a importância desta pesquisa arqueológica, afirmando-se surpreendido e orgulhoso com o resultado: "Estou impressionado com o que vejo e extremamente satisfeito por saber que a nossa comunidade existe há mais de 200 mil anos".
Augusto de Oliveira Domingues, revelou também que gostaria muito de ver as peças no futuro museu municipal. "Em tempos, apresentamos uma candidatura que não foi aprovada. Voltaremos a tentar. Porque estamos apostados em garantir a preservação da nossa história".



## Novas da Raia

A GUARDA

# Festa do Monte Santa Tegra 2016

**06/08/16**

**18:00 H.** TROFEO FESTAS DO MONTE DE HOKEY LIÑA (SENIOR E INFANTIL). Comunicarase lugar e hora

**18:00 H.** CARREIRAS PEDESTRES POPULARES NA ALAMEDA DA GUARDA

**07/08/16**

**XIV CONCURSO INTERNACIONAL DE PESCA DEPORTIVA NA COSTA DA GUARDA**

**08/08/16**

POLA MAÑAN GRUPO DE GAITAS RECORRERAN AS RÚAS DO POBO

**20:00 H.** PREGON FESTAS DO MONTE NO AUDITORIO DE SAN BIEITO A CARGO DE IRENE, FERNANDO, DANI, JAVI MOTA E PEQUE; VOCALISTAS DA ORQUESTRA OLYMPUS

**22:30 H.** VERBENA: ORQUESTRAS OLYMPUS E ALASKA

**09/08/16**

DÍA DO NENO

POLA MAÑAN GRUPO DE GAITAS RECORRERAN AS RÚAS DO POBO



**19:00 H.** III ANDAINA FESTA DO MONTE, SAÍDA DENDE A ALAMEDA

**20:00 H.** DIA DO NENO NO AUDITORIO

**21:30 H.** XX CERTAMEN DE POESÍA FELICIANO ROLAN NO CENTRO CULTURAL

